- As oracións de relativo especificativas e explicativas. Os pronomes e os adverbios relativos.

- Estructuras formal e informal.

Vocabulario

- Viaxes e turismo
- Nomes compostos
- Adxectivos seguidos de infinitivos
- Expresións idiomáticas

Fonética

- Recoñecemento e pronunciación dos diptongos presentes nas palabras como *here-
near* e *air-care*
- Pronunciación das palabras que conteñen letras mudas.

UNIT 6: CELEBRATIONS

Gramática

- Revisión e ampliación dos verbos modais
- Os verbos modais perfectos

Vocabulario

- Festas e celebracións de distintos países
- Fórmulas lingüísticas para falar de festas populares.
- Verbos seguidos de adxectivos
- Expresións idiomáticas

Fonética

- Práctica da pronunciación das formas contraídas.
- Pronunciación correcta dos sonidos /j/ e /w/

E.S.A.

E.S.A. Módulo III

UNIT 1

Funcións da linguaxe e a gramática

- Presentacións
- O material escolar
- O verbo 'to be'
- Preposicións de lugar: *on, in, under, next to*
- Presente Simple

Vocabulario

- Obxectos utilizados na clase
- Verbos relativos ó traballo na clase

Reading & Writing

- Ler unha carta dun amigo
- Escribir sobre un mesmo

UNIT 2

Funcións da linguaxe e a gramática

- Falar do que nos gusta e do que non
- *Like* + nome
- *Like* + verbo + -ing
- Preposicións de tempo: *on, in, at*
- *Can* + verbo

Vocabulario

- Actividades de tempo libre
- Os meses e os días da semana

Reading & Writing

- Ler sobre persoas con traballos interesantes
- Escribir sobre o traballo doutra persoa

UNIT 3

Funcións da linguaxe e a gramática

- Rutinas

- O tempo libre
- Adverbios de frecuencia
- *Have got*

Vocabulario

- A hora
- As comidas
- Adxectivos

Reading & Writing

- Ler sobre unha persoa famosa
- Escribir sobre a fin de semana doutra persoa

UNIT 4

Funcións da linguaxe e a gramática

- A comida
- Nomes contables e incontables
- A / An/ Some / Any

Vocabulario

- Comida
- Bebidas

Reading & Writing

- Ler sobre unha comida tradicional inglesa
- Escribir sobre o que come outra persoa

E.S.A. Módulo IV

UNIT 1

Funcións da linguaxe e a gramática

- De compras
- A roupa
- *How much? / How many?*
- *There is / There are*
- O posesivo con 's

Vocabulario

- Adxectivos
- Roupa
- As cores

Reading & Writing

- Ler sobre uns grandes almacéns de Gran Bretaña
- Escribir sobre grandes almacéns

UNIT 2

Funcións da linguaxe e a gramática

- O clima
- As viaxes
- O pasado simple do verbo ‘*to be*’

Vocabulario

- O clima
- Actividades para as vacacións
- As estacións

Reading & Writing

- Ler sobre Londres
- Escribir sobre a nosa cidade

UNIT 3

Funcións da linguaxe e a gramática

- De vacacións
- Direccións
- O pasado simple con verbos regulares
- A desinencia de pasado *-(e)d*

Vocabulario

- Verbos
- Direccións

Reading & Writing

- Ler sobre Manchester
- Escribir unha postal

UNIT 4

Funcións da linguaxe e a gramática

- Contar unha historia
- O pasado simple de verbos irregulares

Vocabulario

- Adxectivos para facer descripcións físicas
- Os sentimentos

Reading & Writing

- Ler a biografía dunha persoa famosa
- Escribir a biografía doutra persoa

5. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

1º E.S.O.

Primeira Avaliación

Gramática

- *have got*: formas afirmativa, negativa e interrogativa
- posesivo en 's
- Adverbios de frecuencia
- Pronouns and possessive adjectives
- Present simple: affirmative, negative and interrogative
- Partículas interrogativas
- Preposicións propias de expresións de tempo

Vocabulario:

- Termos de parentesco
- Partes do corpo
- Actividades e rutinas diarias.
- Días da semana e meses do ano
- O deporte

Segunda Avaliación

Funcións da linguaxe e a gramática

- *Present continuous*
- *There's/there are*
- Imperativo
- *And e but*
- Substantivos contábeis e incontábeis
- *Some and any*
- Pronomes indefinidos

Vocabulario:

- O tempo meteorolóxico.
- Países e nacionalidades
- Lugares da cidade.
- Preposicións de lugar.

- Alimentos e bebidas.
- Plural dos substantivos.

Terceira Avaliação

Gramática

- Be: past simple
- *There was/There were*
- Past simple: regular and irregular verbs
- *Must/mustn't*
- *Going to*

Vocabulário:

- Materias escolares.
- Números ordinais
- Partes da casa
- Datas
- Peças de roupa
- Adxectivos

2º E.S.O.

Primeira Avaliação

Gramática

- Presente simple
- Adverbios de frecuencia
- Pronomes obxecto
- Presente contínuo
- Can/can't
- Adxectivos comparativos e superlativos
- A conxunción **because**

Vocabulário

- Instrumentos musicais
- Disciplinas deportivas
- Roupa

Segunda Avaliación

Gramática

- Past simple affirmative
- Past simple negative
- Could/couldn't
- Preposicións de movemento
- Past continuous

Vocabulario

- Profesións
- Lugares de traballo
- Medios de transporte
- Obxectos do fogar
- Partes da casa

Terceira Avaliación

Gramática

- How much/how many
- Nomes contables e incontables
- Should/shouldn't
- Going to
- Must/mustn't
- Will
- O condicional de primeiro grao

Vocabulario

- A natureza
- Lugares para visitar
- Alimentos e bebidas
- Ordenadores

3º E.S.O.

Primeira Avaliação

Gramática

- *Be e have got*; formas afirmativa, negativa e interrogativa
- *Can*
- *Present continuous*
- *Adverbs of frequency*
- *Contraste entre Present Simple e Present Continuous*
- *Present Simple :affirmative, negative e interrogative e respostas curtas*
- *Past continuous*
- Adverbios

Vocabulário:

- Afecciões e hobbies
- Similar words
- Adxectivos que expresan estados de ánimo
- O crime e a delinquencia
- Tendas
- Palabras compostas

Segunda Avaliação

Gramática

- *Have to*
- *Some/any*
- *Much/many/a lot of*
- Adxectivos comparativos e superlativos
- *Too and enough*
- *Present perfect*, forma afirmativa e negativa
- *Present perfect with just*

Vocabulário:

- Tarefas domésticas
- *Make and do*
- Adxectivos que describen personalidade
- Prefixos negativos
- Deportes de risco.
- *Get*

Terceira Avaliación

Funcións da linguaxe e a gramática

- *Present perfect* interrogativa
- *For* and *since*
- *How long?*
- *Will*
- Primeiro condicional
- A voz pasiva en presente: afirmativa, interrogativa e negativa

Vocabulario:

- Cine
- False friends
- Verbos de acción
- *Phrasal verbs*
- Alimentación
- Homófonos

4º E.S.O.

Primeira Avaliación

Gramática

- Presente simple e presente continuo
- Past simple/past continuous
- Like/dislike with gerund
- Used to
- Present perfect
- Already /yet

Vocabulario

- Aspecto físico
- Adxectivos en –ed/-ing
- A cidade
- Os sentidos

Segunda Avaliación

Gramática

- Past simple with ago

- Present perfect with for and since
- Comparativos e superlativos
- So e Duch
- Will to Express offers, promises and decisions
- Going to to Express predictions

Vocabulario

- Relacións e citas
- Nomes en –ion/-ment
- Empregos e profesións

Terceira Avaliación

Gramática

- Condicional hipotético
- Should
- Oracións de relativo
- Voz pasiva

Vocabulario

- O mundo das finanzas
- Inventos e materiais

3º e 4º P.D.C

Primeira Avaliación

Gramática

- To be
- Os adxectivos posesivos
- A/an
- Os plurais
- Os demostrativos
- Have got
- Some/any
- Contables e incontables
- O xenitivo saxón

Vocabulario

- Classroom
- Cardinal numbers(1-100)

- Jobs
- Days of the week
- Family
- Colours
- Parts of the body

Segunda Avaliación

Gramática

- There is/there are
- How much/how many
- Present simple
- Like con nomes e xerundios
- Adverbios de frecuencia

Vocabulario

- Pets
- House
- Ordinal numbers(1st to 12th)
- Telling the time
- Daily routines
- Meals

3ª Avaliación

Gramática

- Can
- Preposicións de tempo
- Presente contínuo
- Pasado simple do verbo *to be* e dos verbos regulares

Vocabulario

- Months
- Places in the city
- Verbos e adxectivos

1º BACHARELATO

Primeira Avaliación

Gramática

- Present simple e present continuous
- Expresión das accións en curso e plans programados para un futuro próximo: present continuous
- Verbos estáticos
- Past simple/Past continuous/Past perfect simple
- Past simple vs present perfect simple

Vocabulario

- Aspecto físico e personalidade
- Actividades de lecer e tempo libre, viaxes, vacacións
- Deportes

Segunda Avaliación

Gramática

- Future simple/be going to
- Future continuous
- Future perfect simple
- Os pronomes relativos e os adverbios
- Os modais simples e perfectos

Vocabulario

- Medioambiente e ecología
- Comunicación
- Cultura e costumes doutros países
- Be used to/get used to

Terceira avaliación

Gramática

- Expresar as hipótesis en presente e en pasado
- O condicional do primeiro, segundo e terceiro tipo
- Oracións temporais
- Voz pasiva
- Estilo indirecto

Vocabulario

- Tecnología e avances tecnológicos
- Phrasal verbs
- Medios de comunicación e informativos
- Expresións idiomáticas

2º BACHARELATO

Primeira Avaliación

Gramática

- Expresión de accións pasadas con distintas referencias temporais a través do: Present Perfect simple, continuous, past perfect simple , continuous.
- Expresión de accións futuras :Future Perfect Simple
- Estilo indirecto:Uso e formación
- Reporting verbs

Vocabulario

- Alimentación e saúde
- Emprego

Segunda Avaliación

Gramática

- A voz pasiva
- Verbos causativos
- Os tres tipos de oracións condicionais
- As oracións desiderativas con *I wish* e *If only*.Uso e formación.

Vocabulario

- Compras
- Relacións persoais e emocións

Terceira Avaliación

Gramática

- As oracións de relativo explicativas e especificativas.Pronomes e adverbios relativos
- Revisión e ampliación deos verbos modais
- Os modais perfectos

Vocabulario

- Vocabulario relacionado coas viaxes e o turismo
- Vocabulario relacionado con festas e celebracións de distintos países.

E.S.A

Módulo III

Funcións da linguaxe e a gramática

- Presentacións
- O verbo 'to be'
- Preposicións de lugar: *on, in, under, next to*
- Presente Simple
- Falar do que nos gusta e do que non
- *Like* + nome
- *Like* + verbo + -ing
- Preposicións de tempo: *on, in, at*
- *Can* + verbo
- Adverbios de frecuencia
- *Have got*
- A comida
- Nomes contabeis e incontabeis
- *A / An / Some / Any*

Vocabulario

- Obxectos utilizados na clase
- Verbos relativos ó traballo na clase
- Actividades de tempo libre
- Os meses e os días da semana
- A hora
- As comidas
- Adxectivos
- Comida e bebidas

Módulo IV

Funcións da linguaxe e a gramática

- *How much? / How many?*
- *There is / There are*
- O posesivo con 's

- As viaxes
- O pasado simple do verbo ‘to be’
- De vacacións
- Direccións
- O pasado simple con verbos regulares
- A desinencia de pasado *-(e)d*
- Contar unha historia
- O pasado simple de verbos irregulares

Vocabulario

- Adxectivos
- Roupas
- As cores
- O clima
- Actividades para as vacacións
- As estacións
- Verbos
- Direccións
- Adxectivos para facer descripcións físicas
- Os sentimentos

Ademáis dos contidos conceptuais mínimos esixibles, teranse en conta os contidos procedimentais relativos ás catro destrezas:

- Lectura e comprensión de textos escritos e orais sobre os temas tratados na clase adaptados ao nivel de cada curso utilizando as estratexias necesarias para extraer información global e específica así como inferir o significado de termos descoñecidos polo contexto.
- Produción de textos orais e escritos (diálogos, descrições, ...) utilizando as estruturas gramaticais e o vocabulario estudado e adaptados ao nivel do curso.

6. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Para conseguir que os alumnos acaden os obxectivos fixados debemos ter en conta unha serie de principios metodolóxicos que se axustarán ás necesidades dos alumnos de cada grupo xa que estes presentan diferentes niveis de coñecemento e diferentes ritmos de aprendizaxe por unha banda, e, por outra, os coñecementos previos dos alumnos.

Por outra parte, a aprendizaxe debe ser significativa de forma que o coñecemento adquirido ha de establecerse unha relación firme entre os novos contidos adquiridos con o que os alumnos xa saben de forma que se adquiran estes coñecementos de forma sólida e duradeira. Ademais de aprender de maneira significativa por si solos tamén han de ser capaces de aprender a aprender.

Para isto o papel do profesor non é só facilitar contidos senon que ademais debe contribuir a que o alumno adquira e comprenda os coñecementos. Estes coñecementos non só se limitarán a esta signatura, a aprendizaxe da área de lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas:

- A **competencia en comunicación lingüística** refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade.
- Contribúe ao desenvolvemento da **competencia de aprender a aprender** ao contribuír á mellora da capacidade comunicativa xeral. Por iso a aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe incluír a reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando as estratexias e recursos que os fan máis eficaces.
- Contribúe ao desenvolvemento da **competencia en tratamento da información e competencia dixital** ao utilizar a lingua estranxeira como unha posibilidade de comunicación tecnolóxica. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento. Para isto aprenderase a utilizar todo tipo de soporte informativo, dende libros ata internet.
- Contribúe ao desenvolvemento da **competencia social e cidadá**, xa que coñecer unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades destas. Os coñecementos adquiridos axudan a aprender a vivir en sociedade, comprendendo a realidade social do mundo en que se vive así como saber exercer unha cidadanía democrática.
- Contribúe ao desenvolvemento da **competencia artística e cultural**, a comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións artísticas, dende visuais a escritas

pasando por musicais, etcétera; utilízalas como fonte de goce e enriquecemento persoal, sendo conscientes das propias posibilidades que poden desenvolverse dentro desta expresión artística.

- Contribúe á **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** ao utilizar os coñecementos adquiridos para mellorar a interacción co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, aprendendo a medir as consecuencias normais de todo comportamento, asumindo as responsabilidades así como coidar e respectar o contorno.
- Contribúe á **autonomía e iniciativa persoal** mellorando o desenvolvemento de valores persoais de carácter ético e moral, así como saber enfrontarse aos problemas.
- Contribúe á **competencia matemática** ao utilizar números en inglés e o uso da libra esterlina, para mellorar o uso dos números e as súas operacións básicas.

O desenrolo da competencia comunicativa en inglés favorece tanto o seu uso instrumental como o coñecemento das súas regras de funcionamento dándolle unha gran importancia á comunicación oral (*Escoitar, falar e conversar*); proporcionado os procedementos necesarios para desenvolver a competencia discursiva no uso escrito (*Ler e escribir*); observando o funcionamento da lingua a través de textos orais e escritos aprendendo o seu uso en situacións de comunicación e inferindo regras de funcionamento a partir de exemplos (*Coñecemento da lingua*) e contribuir a que o alumno coñeza costumes e outros aspectos culturais propios dos países donde se fala a lingua inglesa (*Aspectos socioculturais e conciencia intercultural*).

A pronuncia é moi importante para o desenrolo da expresión oral polo que se lle prestará especial atención ofrecendo ós alumnos tarefas centradas na identificación e pronuncia de sonidos facendo especial fincapé naqueles que presentan unha maior dificultade pola súa diferenza coas nosas linguas, así como a acentuación e entoación de palabras e oracións.

Favorecerase a atención individualizada ós alumnos, que se complementa con actividades de reforzo a fin de recuperar aqueles obxectivos e contados básicos non consolidados e con actividades de ampliación cando sexa necesario.

Un aspecto importante da metodoloxía son os recursos a utilizar. Eles permiten que os alumnos capten as mensaxes con maior facilidade e deben adaptarse á realidade do noso centro e o seu entorno.

6. AVALIACIÓN

A avaliación deberá aparecer en todos os momentos do proceso: avaliación inicial, avaliación continua - formativa durante o mesmo e avaliación final.

A avaliación ha de ser integral e deberá valorar o progreso do alumno no desenvolvemento das actitudes, procedementos e conceptos.

O aprobado non se baseará soamente nas probas realizadas que demostren que o alumno alcanzou os obxectivos propostos senón que tamén se terá en conta outros elementos.

Tendo en conta o carácter da materia, cun ensino cíclica e acumulativa, levarase a cabo un sistema de avaliación continua. Desta forma os contidos iranse acumulando dunha proba na seguinte e a materia non superada nunha avaliación previa pódese dar por aprobada unha vez superada a seguinte. En todo caso o que interesa é o progreso de cada alumno, o traballo diario, a marcha regular do curso e o sentido da avaliación continua, potenciando a cualificación diaria do traballo na clase como elemento fundamental e base do aprobado.

Teranse en conta os seguintes aspectos á hora de avaliar:

1. Aproveitar e asistir regularmente a clase, mantendo un comportamento adecuado e unha actitude positiva cara á aprendizaxe.
2. Traer a clase o material necesario e utilízalo seguindo as indicacións do profesor.
3. Realizar un traballo continuado, facendo os exercicios e tomando apuntes de xeito organizado e limpo no caderno.
4. Facer os exercicios e traballos pedidos polo profesor, entregándoos no prazo establecido.
5. Efectuar os traballos individuais ou en grupo indicados polo profesor, aportando e compartindo ideas e coñecementos cos demais.

Aqueles alumnos que non sexan cualificados positivamente nos apartados arriba mencionados non poderán ser cualificados positivamente na asignatura.

Para avaliar no alumno a adquisición dos contidos e a consecución dos obxectivos propostos, o profesor poderá realizar cantas probas orais e escritas considere oportunas (con e sen previo aviso).

No caso de que o alumno-a non asistise a clase o día de celebración de devanditas probas, estas repetiranse só no caso de que o profesor-a o considere xustificado. En caso contrario, ao ser a avaliación continua, formativa e sumativa, teranse en conta todos os demais instrumentos de avaliación para a cualificación trimestral da área.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: 1º E.S.O

Primeiro Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relativo á familia e aos amigos, así como ás partes do corpo; aos hábitos diarios, días da semana e meses do ano e vocabulario deportivo, así como preposicións incluídas nas expresións temporais.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados nas tres unidades.
- Producir textos escritos tales como descricións de familiares e amigos, facendo fincapé na utilización das maiúsculas; descricións de costumes e plans, facendo fincapé nos signos de puntuación e entrevistas a deportistas, facendo fincapé nos suxeitos das frases.
- Aplicar aspectos gramaticais como o *verbo have got: affirmative, negative and interrogative*; o *present simple affirmative*, os adverbios de frecuencia ou os pronomes e adxectivos posesivos.
- Saber utilizar o *present simple negative and interrogative* e as partículas interrogativas.
- Pronunciar axeitadamente o son /h/ e a desinencia da terceira persoa do singular.
- Ler as oracións interrogativas coa entoación axeitada.
- Establecer unha comparación sociocultural en relación co tema da familia, as celebracións de distintos países e as Olimpíadas.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

Segundo Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva no segundo trimestre, os alumnos e as alumnas deben ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relativo ao tempo meteorolóxico, aos países e ás nacionalidades; aos edificios das cidades, así como a preposicións de lugar e vocabulario relativo a alimentos e bebidas, así como ao plural dos substantivos.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados nas tres unidades.
- Producir textos orais e escritos tales como mensaxes de correo electrónico, facendo fincapé na ortografía; descricións de contornas urbanas, facendo fincapé no uso de *and* e *but* e descricións dos hábitos alimenticios, facendo fincapé na revisión dos aspectos gramaticais.
- Utilizar con corrección o *present continuous* e as formas verbais *there is / there are* e o imperativo.
- Aplicar aspectos gramaticais como os substantivos contábeis e incontábeis, *some* e *any* e os pronomes indefinidos.
- Traballar o *present simple negative and interrogative* e as partículas interrogativas.
- Practicar a pronuncia da desinencia –ing, o acento na palabra e o acento na frase.
- Establecer unha comparación sociocultural en relación cos animais e a súa contorna natural, o uso de diversos medios de transporte e a alimentación.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

Terceiro Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva os alumnos e alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relativo ás materias escolares e aos números ordinais; ás partes da casa e das datas e a pezas de roupa e adxectivos.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Realizar intercambios comunicativos usando as expresións e diálogos traballados.
- Producir textos orais e escritos tales como correos electrónicos, a descrición dunha civilización antiga e unha descrición de plans para as vacacións.
- Aplicar aspectos gramaticais como *there was / there were*.
- Utilizar o *past simple affirmative* con verbos regulares e irregulares.
- Aplicar as formas verbais *going to* e *must/mustn't* adecuadamente.
- Pronunciar as formas débiles /w@z/, /w@(r)/ e o ritmo na frase.
- Establecer unha comparación sociocultural en relación cos centros de Secundaria e con lugares curiosos doutros países.
- Realizar unha reflexión acerca de momentos clave da historia das civilizacións.

- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2º E.S.O.

Primeiro Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relacionado con actividades e deportes; instrumentos musicais; pezas de roupa; programas de televisión.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características
- Realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e os diálogos traballados nas tres unidades
- Traballar aspectos gramaticais como o presente simple, as partículas interrogativas, os adverbios de frecuencia; os pronomes obxecto; adxectivos en grao comparativo e superlativo
- Practicar o acento na palabra e a pronuncia da vogal débil
- Establecer unha comparación sociocultural sobre a música e o baile de diversos países
- Producir aspectos orais e escritos tales como descripcións facendo fincapé na utilización de maiúsculas; correos electrónicos facendo fincapé na orde nas palabras na construción das frases e descripcións de programas de televisión facendo fincapé na utilización da conxunción *because*
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe

Segundo Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relativo a profesións e lugares de traballo; medios de transporte e terminoloxía de viaxes; obxectos do fogar e ás partes da casa
- Entender textos orais e escritos de diferentes características
- Producir textos orais e escritos tales como biografías, facendo fincapé na utilización de notas para redactar un texto; a narración dunha viaxe facendo fincapé en secuenciar feitos; narracións breves, utilizando a conxunción *so*
- Practicar aspectos gramaticais como o Past Simple; *could/couldn't*; as preposicións de movemento e o Past Continuous
- Practicar a pronuncia da desinencia *-ed* de pasado; os sons /b/ e /v/ e as formas verbais débiles /woz/ /w@(r)/
- Establecer unha comparación sociocultural en relación con lugares de interese das cidades; facer unha reflexión sociocultural acerca do uso de diversos medios de

transporte e establecer unha comparación sociocultural en relación con feitos inexplicables

- Realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e os diálogos traballados nas tres unidades
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe

Terceiro Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relacionado coa natureza;lugares de interés;alimentos e bebidas e co mundo da informática
- Entender textos orais e escritos de diferentes características
- Realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e os diálogos traballados nas tres unidades
- Producir textos orais e escritos tales como folletos publicitarios facendo fincapé na preparación previa á redacción dun texto;correos electrónicos de felicitación facendo fincapé na utilización de pronomes;anuncios publicitarios facendo fincapé na división dun texto en parágrafos
- Practicar os sustantivos contables e incontables, some e any, how much/how many;should/shouldn't;going to;must/mustn't;will e o condicional de primeiro grao
- Practicar a entonación inglesa así como a acentuación e o ritmo da frase
- Establecer unha comparación sociocultural en relación coas cimas do mundo
- Facer unha reflexión acerca dos hábitos de tempo libre dos mozos
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 3º E.S.O.

Primeiro Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relacionado con afeccións e *hobbies*, con nomes de comercios e palabras compostas.
- Utilizar adxectivos para expresar estados de ánimo.
- escoitar e entender textos orais e escritos de distintas características e estilos.
- Realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e estruturas traballadas nas unidades.
- Producir textos orais acerca do intercambio de información persoal e as vacacións.
- Producir textos escritos tales como unha autodescrición e sobre as vacacións.

- Producir textos orais e escritos tales como un interrogatorio policial.
- Aplicar aspectos gramaticais como o *past continuous* e os adverbios; os verbos *be* e *have got*, o presente simple, o presente continuo e o auxiliar *can*.
- Traballar a estrutura verbo + nome, o auxiliar *could*, o *Past simple* e as formas *was/were* do verbo *be*.
- Pronunciar axeitadamente a acentuación nas palabras, o pasado dos verbos regulares e a desinencia dos sons /eə/ e /ɜ:/
- Establecer unha comparación sociocultural en relación co tema do grupo de iguais, co gozo do ocio e do tempo libre; o tema das relacións persoais e a delincuencia.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

Segundo Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relacionado coas faenas domésticas, a personalidade e as actividades deportivas de risco.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.
- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados nas unidades.
- Producir textos orais e escritos tales como a descrición dun cuarto de durmir, a personalidade de alguén ou o relato dunha experiencia persoal.
- Traballar o verbo *have to*, contábeis e incontábeis e o *present perfect*.
- Aplicar aspectos gramaticais como o comparativo e superlativo.
- Practicar a pronuncia dos sons /ʌ/ e /æ/, o acento na frase e as contraccións do *present perfect*.
- Establecer unha comparación sociocultural en relación coas celebracións de distintos países, as Olimpíadas e as falsas aparencias.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

Terceiro Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relacionado co cine, os verbos de acción e os alimentos.
- Entender textos orais e escritos de diferentes características.

- Poder realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados na unidade.
- Producir textos orais e escritos tales como a biografía dun personaxe famoso, predicións de futuro e un cuestionario sobre hábitos alimentarios.
- Aplicar aspectos gramaticais como o *present perfect* con *for* e *since* ou a voz pasiva.
- Traballar o futuro e as oracións condicionais.
- Practicar a pronuncia do son /əʊ/, do ritmo na frase e a entoación das oracións interrogativas.
- Estabelecer unha comparación sociocultural co tema do éxito e da fama, o compromiso e sobre a composición do Reino Unido.
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 4º E.S.O.

Primeiro Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relacionado con aparencia persoal así como adxectivos terminados en –ing e –ed; vocabulario relacionado con paisaxes urbanas e adxectivos absolutos e relacionado cos sentidos
- Entender textos orais e escritos de diferentes características
- Realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados nas tres unidades
- Producir textos orais e escritos como unha descripción persoal; sobre a cidade e as lembranzas
- Traballar o contraste entre presentes; verbos tipo *like* e *dislike*; preguntas sobre suxeto e obxecto; pasados simple e contínuo; aplicar estruturas gramaticais como o *Present Perfect* con *already*, *yet* e *just*
- Practicar a pronuncia da acentuación e da entoación e de grupos consonánticos
- Establecer unha reflexión sociocultural sobre o tema das aparencias na sociedade; a vida nas cidades e a cultura norteamericana
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe

Segundo Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relacionado con relacións e encontros;traballos e profesións e temas de importancia mundial
- Entender textos orais e escritos de diferentes características
- Realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e diálogos traballados nas tres unidades
- Producir textos orais e escritos sobre a historia dunha relación;unha solicitude de emprego e un panfleto de propaganda
- Aplicar estruturas gramaticais como Present Perfect con for, since e Past simple with ago;comparativos e superlativos;will e primeiro tipo de condicional
- Practicar a pronuncia de verbos terminados en –ought e –ought;vogais non acentuadas e dos sons /j/ e /dʒ/
- Establecer unha reflexión sociocultural sobre o tema das relacións persoais;o mundo laboral e o mundo en que vivimos
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe

Terceiro Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relacionado co mundo dos cartos;productos e materiais e a linguaxe xestual
- Entender textos orais e escritos de diferentes características
- Realizar intercambios comunicativos utilizando as expresións e os diálogos traballados nas tres unidades
- Producir textos orais e escritos sobre un evento imaxinario;a descripción dun estilo de vida utilizando *too/either* e cartas informais
- Traballar estruturas gramaticais como o condicional hipotético;a voz pasiva e oracións de relativo;o estilo indirecto
- Practicar a pronuncia das contraccións verbais;as formas débiles do pasado *was/were*
- Establecer unha reflexión sociocultural sobre o tema da economía, dos avances e da linguaxe corporal
- Avaliar a participación e o progreso no proceso de aprendizaxe

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: 3º e 4º E.S.O. (PDC)

Primeiro Trimestre

Avaliarase se os alumnos son capaces de:

- Saudar e presentarse ós demais;indicar o seu enderezo e o seu número de teléfono;identificar cousas;preguntar pola nacionalidade da xente;falar de países e nacionalidades;utilizar correctamente o verbo *to be*;practicar o vocabulario relacionado cos saúdos;os números do 0-9,obxectos de clase e os nomes de países e nacionalidades
- Falar das profesións;preguntar e contestar correctamente sobre a súa idade e o seu enderezo,presentar cousas;utilizar correctamente os adxectivos posesivos;a/an;os plurais;os demostrativos;practicar o vocabulario relacionado coas profesións,os números do 20-100 e os días da semana
- Falar sobre a familia;describir persoas;utilizar correctamente *have got*;os nomes contables e incontables;some/any;o xenitivo saxón;practicar o vocabulario relacionado coa familia, as cores e as partes do corpo

Segundo Trimestre

Avaliarase se os alumnos son capaces de:

- Describir persoas e cousas;utilizar correctamente as estruturas *there is/there are;how much/how many*;ordenar as palabras correctamente na frase;practicar o vocabulario relacionado cos adxectivos e as mascotas
- Falar sobre o aloxamento;expresar preferencias;utilizar correctamente o Present S en afirmativa;like + nome/xerundio;practicar o vocabulario relacionado cos cuartos da casa,o mobiliario e os números ordinais do 1-12
- Falar de rutinas;facer suxestións;utilizar correctamente os adverbios de frecuencia;o presente simple en negativa e interrogativa;practicar o vocabulario relacionado coa hora,actividades que expresan rutina e comidas

Terceiro Trimestre

Avaliarase se os alumnos son capaces de:

- Expresar habilidade e posibilidade;utilizar correctamente *can* e as preposicións de tempo;practicar o vocabulario relacionado cos verbos,os meses do ano e os lugares dunha cidade
- Narrar accións que están en transcurso;utilizar correctamente o *Present Continuous*;practicar o vocabulario relacionado cos verbos e cos adxectivos

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: 1º BACHARELATO

Primeiro Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relacionado co aspecto físico e a personalidade; con actividades de lecer e de tempo libre, viaxes e vacacións; cos deportes
- Ler de forma comprensiva e autónoma diferentes textos
- Utilizar correctamente o Present Simple e o Present Continuous; os tempos de pasado; o Present Perfect Simple
- Redactar correctamente un correo electrónico, empregando as conxuncións; unha narración empregando adecuadamente os adverbios de modo e de intensidade; unha biografía empregando os conectores de secuencia
- Describir de xeito oral o aspecto físico e as características das persoas
- Pronunciar correctamente as terminacións verbais en –ed; os sons vocálicos /i:/ e /i/ e practicar a acentuación das oracións
- Afianzar estratexias para a realización de exames

Segundo Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relacionado co medio ambiente e a ecoloxía; coa comunicación; coa cultura e os costumes doutros países
- Ler de forma comprensiva e autónoma diferentes textos
- Utilizar correctamente os tempos de futuro; as oracións de relativo explicativas e especificativas; os verbos modais
- Redactar unha descripción dun lugar, empregando adxectivos descriptivos; un texto de opinión; un texto informativo empregando correctamente as conxuncións causais e consecutivas
- Comprender a información global e específica dun programa de radio; dunha enquisa; dunha conversación.
- Pedir e dar indicacións e comparar fotografías
- Expresar gustos e preferencias e dar consellos
- Pronunciar correctamente os sons consonánticos /f/ /tf/ e /dz/; pronunciar correctamente as palabras tendo en conta a súa acentuación; palabras que conteñan letras mudas e formas contraídas
- Afianzar estratexias para a realización de exames

Terceiro Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Utilizar vocabulario relacionado coa tecnoloxía e os avances tecnolóxicos; co cine e os xéneros cinematográficos; cos medios de comunicación informativos
- Ler de forma comprensiva e autónoma distintos textos

- Utilizar correctamente os tres tipos de oracións condicionais e as oracións temporais;a voz pasiva;os verbos causativos(have/get + something +done);o estilo indirecto
- Redactar un texto argumentativo,empregando conxuncións de contraste;unha crítica cinematográfica empregando conectores de finalidade
- Comprender a información global e específica dun programa de radio;dunha conversación na que se fala dunha película;dunha noticia radiofónica
- Pedir ayuda e falar sobre unha fotografía
- Facer suxestións,describir unha película e falar sobre ela
- Pronunciar correctamente os sons vocálicos similares ós contidos en solve, although e practicar o ritmo da oración;as formas débiles e practica-la entonación;os sons /s/ e /z/
- Afianzar estratexias para a realización de exames

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: 2º BACHARELATO

Primeiro Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva os alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Entender a información esencial nun texto escrito sobre os medios de transporte, anticipando e deducindo datos a partir do contexto
- Extraer información específica dun texto oral sobre as vantaxes e desvantaxes dos diferentes medios de transporte.
- Participar nun debate preparado de antemán, utilizando as estratexias adecuadas
- Redactar un texto narrativo sobre unha experiencia persoal nunha viaxe
- Comprobar na práctica o coñecemento do uso dos conectores estudados na unidade.
- Mostrar o coñecemento dos tempos simples e continuos de presente, pasado
- Mostrar o coñecemento do léxico visto sobre os medios de transporte
- Comprobar na práctica o coñecemento do uso dos prefixos UN- e DIS-.
- Practicar a entoación e o acento na oración.
- Entender a información esencial nun texto escrito sobre as competicións deportivas
- Extraer información específica dun texto oral sobre os logros deportivos
- Realizar unha entrevista e contestar de maneira fluída as preguntas sobre os logros deportivos.
- Redactar a biografía dun persoaxe famoso utilizando elementos que aseguren cohesión e coherencia.
- Mostrar o coñecemento dos tempos perfectos, simples e continuos, de presente, pasado e futuro.
- Mostrar o coñecemento do léxico visto sobre o mundo do deporte.

- Entender a información esencial nun texto escrito onde se narra a experiencia dun home enfrontado a un importante dilema persoal
- Extraer información específica dun texto oral onde distintas persoas expresan as súas dúbidas perante a toma dunha decisión.
- Participar nunha conversa, preparada de antemán, onde expresar as dúbidas diante da toma dunha decisión
- Redactar un texto discursivo onde expor as vantaxes e as desvantaxes dun avance científico.
- Transferir o coñecemento da sintaxe e semántica das oracións condicionais a unha actividade contextualizada onde completar frases
- Expresar arrepentemento ou pesar por non ter feito algo utilizando *I wish /If only*.
- Mostrar o coñecemento dos *quantifiers* vistos na unidade.
- Practicar os sons vistos na unidade

Segundo Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva os alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Entender a información esencial nun texto escrito onde se narra unha situación extrema de supervivencia.
- Describir unha fotografía onde se mostra unha situación límite de supervivencia
- Redactar un texto descritivo onde expor as características máis importantes dun lugar coñecido
- Mostrar o coñecemento dos verbos modais estudados
- Mostrar o coñecemento do léxico aprendido nas unidades.
- Practicar o son estudado nas unidades
- Entender a información esencial nun texto xornalístico para o comparar con outro
- Extraer información específica dun boletín de noticias radiofónico.
- Preparar un boletín informativo para un medio de comunicación radiofónico.
- Redactar o resumo dun texto, transmitindo a información adecuada.
- Transferir o coñecemento da voz pasiva a diferentes actividades
- Aplicar o uso dos verbos *have e get* con valor causativo
- Entender a información esencial nun texto escrito sobre crenzas e supersticións
- Extraer información específica dun texto oral onde dúas persoas contestan un cuestionario
- Preparar un cuestionario para realizarlle unha entrevista a un compañeiro sobre as súas crenzas e supersticións para logo informar o resto da clase.
- Redactar un texto escrito onde dar a opinión persoal sobre un tema concreto

- Amosar o coñecemento do estilo indirecto
- Mostrar o coñecemento dos refráns aprendidos na unidade.
- Comprobar o coñecemento do uso e distribución dos pronomes e adverbios impersoais vistos
- Usar rexistros adecuados e considerar o contexto en que se produce a comunicación.

Terceiro Trimestre

Para acadar unha avaliación positiva os alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Entender a información esencial nun texto escrito sobre as mensaxes de texto
- Extraer información específica dun texto oral onde se desenvolvan varias conversas telefónicas curtas con distintos rexistros.
- Preparar unha conversa telefónica e póla en escena tendo en conta os interlocutores e o rexistro que ha cumprir para que a comunicación sexa fluída.
- Redactar un diálogo por escrito no que dúas persoas argumentan a favor ou en contra dun tema de comunicación
- Mostrar o coñecemento das oracións subordinadas adxectivas
- Mostrar o coñecemento dos *phrasal verbs* aprendidos na unidade
- Comprobar na práctica o coñecemento do léxico aprendido nas unidades.
- Practicar os sons estudados e o acento contrastivo
- Usar rexistros adecuados e considerar o contexto en que se produce a comunicación.
- Entender a información esencial nun texto escrito por mozos sobre a súa vida e actividades.
- Extraer información específica dun texto oral onde se entrevista unha moza española sobre a súa experiencia persoal no estranxeiro.
- Preparar e realizar unha entrevista onde preguntar e responder sobre experiencias persoais
- Redactar unha carta formal para solicitar un traballo no Reino Unido, utilizando os elementos e recursos adecuados
- Transferir o coñecemento das formas de xerundio e infinitivo dos verbos a diferentes actividades

CRITERIOS DE AVALIACIÓN: 2º E.S.A.

Módulo III

Para acadar unha avaliación positiva neste módulo os alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Realizar presentacións
- Aplicar o coñecemento dos verbos '*to be*' e '*have got*' á práctica
- Utilizar axeitadamente as preposicións de lugar: *on, in, under, next to* e de tempo *on, in, at*
- Aplicar o coñecemento do Presente Simple a diferentes actividades.
- Expresar o que nos gusta e o que non
- Falar do que podemos ou sabemos facer e o que non
- Utilizar axeitadamente os adverbios de frecuencia para falar de hábitos e costumes
- Distinguir entre nomes contabeis e incontabeis
- Mostrar na p'áctica o coñecemento das regras de uso de *A / An/ Some / Any*
- Saber pedir e dar a hora
- Ampliar o léxico relativo aos temas tratados nas catro unidades: obxectos utilizados na clase verbos relativos ó traballo na clase, actividades de tempo libre, as comidas e bebidas, os meses do ano e os días da semana e adxectivos.
- Ler textos curtos e sinxelos sobre os temas vistos nas unidades e aplicar estratexias para captar o significado daqueles termos descoñecidos.
- Redactar textos onde o alumno de información persoal e sobre os seus hábitos.

Módulo IV

Para acadar unha avaliación positiva neste módulo os alumnos e as alumnas deberán ser capaces de:

- Ler textos curtos de diferentes características sobre os temas vistos nas unidades e contestar preguntas sobre eles.
- Redactar textos curtos nos que se fale do pasado, as vacacións e as viaxes, etc.
- Facer descripciones de outras persoas e de un mesmo utilizando os adxectivos axeitados.
- Describir o clima nas distintas estacións do ano.
- Transferir o coñecemento da sintaxe, morfoloxía e semántica do pasado simple do verbo *to be* e doutros verbos regulares e irregulares a diferentes actividades
- Aplicar na práctica as regras empregadas para a formación do pasado de verbos irregulares.

- Dar direccións utilizando as preposicións axeitadas
- Mostrar o coñecemento do posesivo 's en varias actividades.
- Amosar na práctica o dominio do léxico relativo a: os sentimentos, o clima, as cores, actividades para as vacacións, as estacións do ano, a roupa, etc.
- Mellorar a pronuncia das palabras e a entoación nas oracións.
- Utilizar as expresións *How much?* / *How many?* cos nomes axeitados: contabeis ou incontabeis.
- Utilizar as expresións *There is* / *There are* cos nomes axeitados: contabeis ou incontabeis.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos que se seguirán para levar a cabo a avaliación serán os mesmos en tódolos niveis de ESO e Bacharelato en tódolos trimestres

1. **Exercicios e traballos específicos** que responden aos diversos obxectivos programados en cada unidade didáctica baseados nos contidos comunicativos, os aspectos gramaticais incluídos nas unidades ou sobre lecturas propostas na aula.
2. **Observación sistemática** do traballo cotián e do grao de participación do alumno nas actividades que se levan a cabo na clase.
3. Revisión e análise das actividades e traballos realizados, recollidos no *caderno de clase* e en exercicios específicos valorando a orde, pulcritude, corrección e esforzo por recoller todo o que sae en clase e no seu traballo individual.
4. **Avaliación continua:** Observación do progreso na aprendizaxe de alumnos individuais. O profesor irá anotando aspectos de devandito progreso, e poderá descubrir e axudar a aqueles alumnos que mostran dificultades para asimilar estruturas ou contidos específicos.
5. **Autoavaliación:** As actividades axudan aos alumnos a repasar e reflexionar sobre o que aprenderon, proporcionándolles unha información continua e personalizada sobre o seu progreso e fan aos alumnos conscientes e responsables da súa propia aprendizaxe, contribuíndo así a facelos máis autónomos.

6. **Intercambios orais:** Preguntas na clase, diálogos, entrevistas, etc.

No caso dos dous cursos de E.S.A serán estes os procedementos a seguir en cada avaliación agás a revisión do caderno.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar o proceso de ensino – aprendizaxe utilizaranse os seguintes elementos:

Actitude e traballo diario do alumno :

1. A asistencia regular e puntual ás clases.
2. O traballo e a participación nas clases.
3. A actitude positiva de face á aprendizaxe.
4. A disposición para comunicarse en inglés, así como a participación e a colaboración espontáneas.
5. Se o alumno fai habitualmente as actividades que se lle encomendan para casa e se as entrega no prazo establecido.
6. Se as actividades están feitas con corrección, se o alumno seguiu as instrucións que se lle deron e se utilizou os materiais indicados polo profesor.

Traballos e *Projects* dos que se terá en conta:

1. Se o alumno os fai sempre e os entrega no prazo indicado.
2. O contido dos traballos, o esforzo, a creatividade, a innovación e, en xeral, o grao de implicación do alumno na tarefa encomendada.

O caderno de clase:

1. A organización do material. Tanto as actividades de clase como todos os materiais suplementarios entregados polo profesor e as tarefas de clase deben estar feitas, debidamente organizadas, cunha boa presentación e con corrección.
2. Ademais da observación diaria no aula, o profesor-a cualificará os cadernos de clase, polo menos unha vez por trimestre para avaliar estes aspectos.

Probas orais e escritas:

Estas probas deberán reflectir os contidos aprendidos no aula. O profesor-a poderá facer tantas probas orais e escritas como considere necesarias para avaliar o proceso de ensino – aprendizaxe.

- a) Realizaranse as probas orais que se estimen oportunas.
- b) Realizaranse as probas escritas que se estimen oportunas ademáis do exame ao final de cada avaliación. Nestas probas haberá exercicios de escoita, gramática, vocabulario, redacción e comprensión lectora. (Queda á decisión de cada profesor a realización de probas específicas sobre cada destreza comunicativa). Os aspectos que se terán en conta á hora de avaliar serán léxicos, morfolóxicos, sintácticos e ortográficos.

Estructura das probas escritas en Primeiro de Bacharelato

o SECTION A: *Vocabulary*.

Definicións.

Sinónimos.

Completar coa palabra ou expresión adecuadas.

Resposta a preguntas.

SECTION B: *Grammar*.

- a) Reescribir frases de forma que signifiquen o mesmo utilizando outra estrutura lingüística (*Rephrasings*).
- b) Usar notas para reescribir un texto utilizando palabras de enlace e outros elementos necesarios.
- c) Exercicios de transformación: estilo directo-indirecto, presente-pasado, etc.
- d) Escoller o tempo verbal adecuado.
- e) Completar un texto cos elementos apropiados (*Cloze test*).

SECTION C: *Reading-comprehension*.

Lectura dun texto adecuado ao nivel con preguntas sobre o mesmo que os alumnos haberán de responder de forma creativa e sen copiar literal do mesmo.

SECTION D: *Writing*.

Redacción dun texto breve (50-70 palabras) sobre algúns dos temas tratados nas unidades: reseña dunha película, un conto, a descrición dun lugar, un suceso ou noticia sobre un crime, etc.

SECTION E: *Listening comprehension*.

Respostas a preguntas formuladas por escrito ou realización dunha actividade que indique a comprensión dunha historia, diálogo ou situación que escoiten no aula.

Tipos de Probas en Segundo de Bacharelato

En cada trimestre faranse tres probas:

- ***Grammar and Vocabulary***: Valorarase cun 50% da nota trimestral.
- ***University entrance exam (Reading, writing e Listening)***: o 40 % da nota dependerá dunha proba similar á realizada pola CIUG para acceder á Universidade na materia Inglés.

As probas de grammar and vocabulary contarán o 50% da nota do examen e a proba de selectividade outro 50%. Así teremos o 100% do exame que contará un 90% da nota. No outro 10% valoraremos a actitude ,o homework e o traballo do alumno na clase.

- Ademais destas tres probas levarase un seguimento continuo do traballo e actitude na clase ao que se lle dará a porcentaxe do 10% restante da cualificación final en cada avaliación.

No segundo trimestre será obrigatoria a lectura dun libro sobre o que o alumno terá que presentar un traballo. Contará para a nota final da avaliación dentro do apartado de traballos e actitude.

Na última avaliación levarase a cabo un exame final de recuperación obrigatorio para aqueles alumnos coa materia suspensa, así como voluntario para o alumnado coa materia aprobada que desexe subir nota.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Cada un dos instrumentos que se van ter en conta á hora de avaliar aos alumnos e alumnas terán un valor determinado dentro da nota da avaliación:

1º e 2º E.S.O.

- Exames: 60%
- Traballos e parciais: 20%
- Caderno: 10%
- Actitude: 10%

3º e 4º E.S.O.

- Exames: entre 60% e 70%
- Traballos e parciais: entre 10% e 20%
- Caderno: 10%
- Actitude e traballo de clase: 10%

Nos programas específicos persoalizados en 1º, 2º e 3º ESO, valoraremos máis nos alumnos o traballo na clase e a actitude.

1º BACHARELATO

- Exames: 80%
- Traballos e parciais: 10%
- Actitude (participación e traballos): 10%

2º BACHARELATO

- Exames: 90% (Exame tipo selectividade 40%, gramática 30%, vocabulario 20%)
- Actitude (participación e traballos): 10%

E.S.A.

- Exame: 60%
- Parciais: 40%

Estes criterios de avaliación só se aplicarán naqueles casos nos que o alumno asista regularmente a clase. De non ser así, só se tería en conta o exame final.

7. PLAN DE RECUPERACIÓN E REFORZO PARA ALUMNOS E ALUMNAS COA MATERIA PENDENTE

O departamento de Inglés levará a cabo durante o presente curso, o seguinte sistema de recuperación e atención ós alumnos coa materia pendente:

Tívoise en conta a circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, sobre as medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO.

Medidas a realizar:

- Os alumnos coa materia pendente serán obxecto de seguimento por parte do profesor/a correspondente ó curso de referencia. Elaboraranse informes

periódicos, que se trasladarán ó titor correspondente, a fin de ser comunicados ás familias.

- O seguimento farase a través de “cuadernillos”, reforzos e outros exercicios e tarefas propostas polo profesor/a
- Os contidos mínimos esixibles corresponden cos mínimos establecidos para cada curso.
- O profesorado valorará a evolución durante o curso dos alumnos/as coas materias pendentes, así como a realización das tarefas propostas, a súa participación e mellora das súas competencias, a súa actitude, seguindo os criterios do Departamento .
- Os programas de reforzo conterán os mínimos establecidos para cada curso pendente, segundo a programación didáctica de referencia.
- A superación da materia seguirá os criterios establecidos para o curso de referencia.

É de sinalar a imprescindible entrega periódica de reforzos, exercicios e outras tarefas propostas por cada profesor/a.

- Recordar así mesmo que a cualificación positiva da materia dun curso superior non implicará a superación da materia pendente.
- En canto ós obxectivos, contidos e criterios de avaliación no caso de alumnos pendentes, remitimos ós apartados correspondentes de obxectivos, contidos e criterios de avaliación de cada un dos cursos da ESO e Bacharelato.

Para a Avaliación, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Os alumnos de ESO serán obxecto de seguimento por parte do profesor de referencia con tarefas, exercicios, cuadernillos; establecéndose dous exames anuais e un terceiro extraordinario. Tanto a materia da que se examinarán en cada unha destas probas como a data das mesmas , será decidida polo profesor e comunicada ós alumnos. En caso de que o alumno suspenda algún destes exames , ou non se presentase, terá que examinarse de toda a materia da asignatura nun examen que se fará ó final de curso
- No programa de 3º e 4º PDC que teñan o inglés pendente tomaranse como referencia os contidos do presente curso.
- Os alumnos de Bacharelato poderán examinarse da asignatura en dous exames que se farán ó longo do curso.

Tanto a materia da que se examinarán en cada unha das probas como a data das mesmas (unha antes do período vacacional de Navidades, outra en torno a Marzo) será decidida polos profesores e comunicada ós alumnos.

Se o alumno non aproba a materia da forma anteriormente sinalada examinarase de toda a materia nun examen que se fará no mes de Maio.

As actividades e exercicios propostos no exame corresponderanse á programación didáctica establecida e serán de dificultade similar ós que se propoñen no libro de texto de cada curso.

A data de realización dos exames será comunicada pertinentemente ós alumnos, titores e a través de corchos informativos no centro.

SEGUIMIENTO DOS ALUMNOS CON INGLÉS PENDENTE

Os alumnos que teñen pendente o inglés do curso anterior serán convocados a unha reunión ó comezo do curso na que se lles informará do traballo que deben realizar ó longo do curso e das datas de entrega do mesmo. Os titores correspondentes serán informados do progreso dos alumnos (recollida e entrega das tarefas) e da súa asistencia as reunións convocadas. Con estas medidas:

- Trátase de reforzar contidos do curso anterior (basicamente *contidos mínimos*).
- Traballaranse contidos moi similares aos que se esixirán nos exames finais.
- A realización do traballo que se lle entrega ós alumnos semanalmente debe traer consigo a superación dos obxectivos que o alumno/a non superou o curso anterior.
- Utilizaranse, como material fundamental de referencia, os libros de texto do curso pasado e proporcionaranse, exercicios e materiais extra relacionados cos contidos a revisar.

Os alumnos deberán:

- Aproveitar satisfactoriamente a realización de tarefas para que alcance os obxectivos que non puido alcanzar durante o curso académico 2008 / 2009.

- Ter unha actitude positiva cara ao traballo.
- Valorar o esforzo como ferramenta fundamental para a vida diaria.
- Asistir ás reunións informativas ás que se convoque e entregue as tarefas encomendadas e sexa consciente das súas responsabilidades.
- Avanzar no dominio da lingua estranxeira a todos os niveis, entre eles a fluidez e a corrección.
- Proseguir a ampliación de vocabulario.
- Comprender e producir mensaxes na lingua estranxeira adecuados ao seu nivel.
- Ler de forma comprensiva e autónoma textos escritos dun nivel adecuado ás súas capacidades e intereses e extraer información relevante sobre un tema.
- Redactar textos escritos adaptados aos distintos niveis.
- Usar o máis correctamente posible as estruturas e contidos estudados.

AVALIACIÓN

- A avaliación ha de ser integral e deberá valorar o progreso do alumno
- Se avaliará ó alumno dende a perspectiva do traballo entregado.
- As probas basearanse e reflectirán o practicado nas tarefas.

Para avaliar aos alumnos penderase observarase a capacidade de:

1. Comprender a idea principal e as informacións específicas de mensaxes adaptados ao nivel correspondente.
2. Redactar textos escritos adaptados ao nivel correspondente.
3. Aproveitar e entregar regularmente os traballos, mantendo un comportamento adecuado e unha actitude positiva de cara á aprendizaxe.
4. Respetar o material entregado e utilizalo seguindo as indicacións do profesor.
5. Realizar un traballo continuado, facendo os exercicios e plantexando as dúbidas que poidan aparecer.

6. Facer os exercicios e traballos pedidos polo profesor, entregándoos no prazo establecido.
7. Manexar as regras gramaticais e o vocabulario segundo o nivel, a fin de alcanzar unha produción e comprensión oral e escrita correctas.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1. **Tests (exams):** Baseados nos contidos e os aspectos gramaticais revisados.
2. **Observación do traballo realizado** será un elemento a valorar positivamente na nota final de marzo.
3. **Avaliación continua** O profesor irá anotando aspectos do progreso da aprendizaxe dos alumnos. Será un elemento a valorar positivamente na nota final.
4. **Autoavaliación:** As actividades axudan aos alumnos a repasar e reflexionar sobre o que aprenderon.

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O departamento de inglés ofertará ao alumnado de Bacharelato e últimos cursos da ESO, sempre que haxa prazas e a este non lle resulte demasiado caro, a posibilidade de asistir á representación dunha obra teatral aínda por determinar no segundo trimestre.

Así mesmo, o departamento ten programada a organización doutras actividades como a actuación dun contacontos no primeiro trimestre, destinada á ESO e unha charla dun ponente inglés cos alumnos de 2º Bacharelato organizada pola Editorial Burlington, cun tema aínda por determinar.

Outra actividade que iniciamos no curso pasado, levada a cabo en horario lectivo e extraescolar cun grupo de alumnos da ESO, que imos repetir neste curso é a nosa participación no Big Challenge 2010, un concurso de ámbito nacional dirixido a probar o coñecemento do noso alumnado en contidos lingüísticos e culturais relacionados coa lingua inglesa.

Ademáis das actividades enriba indicadas, proxectaranse no centro películas en versión orixinal- “IV Ciclo de Cine en V.O.”- fora do horario lectivo unha vez ao mes coa colaboración dos outros departamentos de linguas: Francés, Galego e Lingua Castelá.

Tamén se fomentará a lectura en inglés (individual e en clubes de lectura) propoñendo ós alumnos que, de maneira voluntaria, presenten traballos sobre lecturas en inglés. Daremos o premio “Best Reader” ó mellor lector (Un por nivel).

English Workshop: É un obradoiro de inglés no que o departamento facilita espazos e materiais que os alumnos poidan necesitar (Alumnos de 6º Primaria do Colexio e todos os alumnos da ESO do Instituto).

Colaboraremos cos Departamentos de Tecnoloxía, Física e Química e Matemáticas na organización dunha viaxe didáctica a Londres dirixida ao alumnado participante nas distintas seccións bilingües en marcha no centro no presente curso.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O obxectivo do departamento é que todo o alumnado participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción, alcanzando o éxito que corresponda ó seu nivel de capacidade, ritmo e interese. É por iso que os exercicios, tarefas e actividades a desenvolver farán que cada alumno atope o exercicio idóneo ó seu estilo de aprendizaxe.

Terase presente tanto aos alumnos que presentan dificultades como a aqueles que mostran gran facilidade para a aprendizaxe da lingua estranxeira.

Haberá actividades de ampliación e reforzo, favorecendo o estilo de cada alumno na súa aprendizaxe e proporcionando diversos enfoques para que os alumnos accedan a un mesmo contido.

Haberá actividades para profundizar nas destrezas básicas e para os alumnos que avanza máis amado, practícaranse actividades deliberadamente sinxelas que garantan que todos os alumnos sexan capaces de realizar algunha tarefa con éxito para aumentar e reforzar a confianza en si mesmos.

Neste curso teremos un programa específico persoalizado en 1º ESO para os alumnos que veñen do colexio cun informe indicando dificultades tanto nas materias instrumentais como de carácter xeral.

Valoradas polo Departamento de Orientación, remítennos unhas pautas para que nós poidamos plantexar programas específicos para elaborar contidos mínimos.

Asímesmo , contaremos cun Programa específico persoalizado en 3º ESO , dado o elevado número de alumnos neste curso coa materia pendente.

Nestas clases, a metodoloxía será moito máis participativa , buscando que ese alumnado vaia superando as dificultades que se presentan na nosa materia ó longo do curso.

Os alumnos que superen o programa específico persoalizado, quedarán exentos do programa de pendentes.

En 2º Bacharelato , desdóbrase o grupo a fin de buscar os mellores resultados e traballar mellor a materia.

10. TEMAS TRANSVERSALES

1º ESO

Unit 1

Educación para a paz: coñecemento das realidades doutras partes do mundo.

Educación moral e cívica: a importancia de reflexionar acerca da familia e das relacións familiares.

Unit 2

Educación para a saúde: reflexión arredor dos hábitos saudábeis para o tempo de ocio.

Educación para a paz: coñecemento de realidades distintas ás propias para favorecer o entendemento entre os pobos.

Unit 3

Educación moral e cívica: reflexión acerca dos comportamentos idóneos para desenvolver actividades tanto individuais como de grupo no ámbito deportivo.

Educación para a saúde: a importancia de realizar actividades deportivas, beneficiosas para o equilibrio tanto físico como psicolóxico das persoas.

Unit 4

Educación ambiental: a importancia de aprender datos relativos a distintas especies animais como primeiro paso para respectar a súa contorna natural.

Educación para o consumo: observación de convencións propias das transaccións comerciais

Unit 5

Educación vial: reflexión arredor da utilización de diversos métodos de transporte, así como o seu impacto ambiental.

Educación moral e cívica: a observación das convencións sociais adecuadas cando nos movemos en ámbitos urbanos.

Unit 6

Educación para a saúde: reflexión acerca da importancia da alimentación na nosa saúde.

Educación para a paz: aproximación a aspectos da cultura de países xeograficamente distantes para lograr un entendemento e unha proximidade a outros niveis.

Unit 7

Educación moral e cívica: observación das convencións doutros países en relación con actividades dos mozos.

Educación para a saúde: reflexión acerca da importancia de incluír exercicio físico no currículo escolar.

Unit 8

Educación para a paz: interese por acercarnos ao noso pasado como base para construír un futuro en paz.

Educación para o consumidor: observación de convencións sociais para acceder a lugares públicos a cambio de diñeiro.

Unit 9

Educación para o consumidor: observación de obxectos que os mozos poden adquirir, incidindo no elemento utilitario e no consumista, de dicha adquisición.

Educación para a saúde: a importancia de gozar de vacacións como algo beneficioso para o benestar tanto físico como psicolóxico das persoas.

2º E.S.O.

Unit 1

Educación para a paz: coñecer elementos xeográficos, culturais e sociais de países que nos resultan exóticos polo seu afastamento.

Educación para a saúde: reflexionar acerca de hábitos de ocio e aficións que poden resultar beneficiosos para o equilibrio das persoas

Unit 2

Educación do consumidor: observar o hábito dos mozos na forma de vestir e reflexionar sobre o tema do consumo racional e sostenible.

Educación para a paz: coñecer aspectos culturais de países moi diferentes, por exemplo a música e o baile que poden unir á xente que vive neles

Unit 3

Educación para o consumidor: reflexionar acerca da industria do cine e do seu consumo

Educación moral e cívica: observar a oferta dos medios de comunicación, co fin de realizar un uso sensato e crítico deles

Unit 4

Educación para a paz: acercarse a personaxes que entraron a formar parte do patrimonio da humanidade

Educación moral e cívica: observar as distintas opcións profesionais que se abren ante os alumnos

Unit 5

Educación para a paz: valorar o patrimonio que supón para a humanidade o desenvolvemento de diversos feitos históricos anteriores ó noso tempo

Educación vial: reflexionar arredor da utilización de diversos medios de transporte, atendendo entre outras cuestións, ó seu impacto ambiental

Unit 6

Educación moral e cívica: reflexionar acerca das normas de convivencia entre os distintos membros dunha familia

Educación para a igualdade de ambos sexos: ver a importancia de colaborar nas distintas tarefas da casa, independentemente do sexo

Unit 8

Educación moral e cívica: observar as convencións sociais para pedir cousas en lugares onde se reunen mozos

Educación para a saúde: reflexionar arredor dos hábitos de tempo libre e ocio dos mozos

Unit 9

Educación para o consumidor: concienciarse dos que custan as cousas, para que os mozos se den conta dos gastos que implican as saídas durante o tempo de ocio

Educación moral e cívica: reflexionar arredor da posición do noso planeta no cosmos para adquirir un sentido proporcionado da dimensión humana.

3º ESO

Unit: Introduction

Educación para a paz: a importancia de coñecer e tolerar outras realidades do mundo

Educación moral e cívica: reflexión acerca da vida na cidade e o coñecemento doutras persoas.

Unit 1

Educación para a paz: coñecemento de realidades distintas ás propias para favorecer o entendemento entre pobos.

Educación moral e cívica: reflexión arredor da importancia do respecto a unhas normas básicas de conduta e convivencia.

Unit 2

Educación moral e cívica: reflexión acerca da adopción de actitudes solidarias cos nosos semellantes.

Educación para a paz: coñecemento de realidades doutras partes do mundo.

Unit 3

Educación do consumidor: reflexión arredor dos nosos hábitos de consumo.

Educación moral e cívica: reflexión acerca do crime e do delito idóneos para desenvolver actividades tanto individuais como de grupo no ámbito deportivo.

Educación para a paz: coñecemento das realidades doutras partes do mundo.

Unit 4

Educación para a igualdade de ambos sexos: reflexión acerca da igualdade de participación e responsabilidade nas tarefas do fogar.

Educación para a paz: coñecemento das realidades doutras partes do mundo para favorecer o entendemento entre os pobos.

Unit 5

Educación moral e cívica: reflexión sobre o respecto debido á xente coa que convivimos

Educación para a paz: coñecemento das realidades doutras partes do mundo para favorecer o entendemento entre os pobos.

Unit 6

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: reflexión acerca da idoneidade de ambos sexos para o deporte.

Educación moral e cívica: reflexión sobre o papel da solidariedade nos momentos difíciles.

Unit 7

Educación para a paz: reflexión sobre a música como medio de entendemento entre mozos de diferentes pobos e nacións.

Educación para o consumidor: reflexión sobre a piratería informática e audiovisual.

Unit 8

Educación para a paz: reflexión sobre a música como medio de entendemento entre mozos de diferentes lugares do mundo.

Educación ambiental: relación sobre o impacto da tecnoloxía na natureza.

Unit 9

Educación para a saúde: reflexión arredor das vantaxes dunha dieta saudábel.

Educación para a paz: coñecemento de realidades distintas ás propias para favorecer o entendemento entre os pobos.

4º E.S.O.

Unit 1

Educación moral e cívica: reflexionar acerca da adopción de actitudes solidarias cos nosos semellantes

*Educación para a paz:*coñecer aspectos culturais de países moi diferentes

Unit 2

Educación moral e cívica: Reflexionar sobre a cidade/vila como marco de convivencia e relación humana

Unit 3

Educación para a paz: acercarse ós mozos doutras partes do mundo

*Educación para a saúde:*reflexionar sobre a importancia da medicina para unha vida sa

Unit 4

Educación do consumidor: reflexionar sobre un feito social como o consumir algo nunha cafetería

*Educación para a igualdade de ambos sexos:*reflexionar acerca da igualdade de dereitos e obrigas nas relacións de parella

Unit 5

Educación moral e cívica: Reflexionar sobre a importancia da infancia na configuración da sociedade do futuro

*Educación para a igualdade de ambos sexos:*reflexionar sobre os dereitos do neno e como afectan por igual a ambos sexos

Unit 6

Educación ambiental: Reflexionar acerca dos problemas ambientais globais e como debemos contribuír para paliar ou mellora-la situación

*Educación moral e cívica:*reflexionar acerca do respecto polos Dereitos Humanos

Unit 7

Educación moral e cívica: reflexionar sobre aspectos da vida cotiá como o diñeiro

Unit 8

Educación medioambiental: reflexionar sobre o hábito de utiliza-lo transporte público

*Educación para a paz:*coñecer as realidades doutras partes do mundo para cultivar o respecto doutros usos e costumes

Unit 9

Educación moral e cívica: reflexionar sobre a realidade de Europa como marco de convivencia.

3º E 4º ESO (PDC)

Unit 1

Educación para a saúde: Observación de actividades que realizamos por gusto e que resultan, ademais, beneficiosas para a saúde

Unit 2

Educación para o consumidor: Observación do que a industria do cine ofrece para o consumo en tempo de ocio

Unit 3

Educación moral e cívica: Reflexión arredor da capacidade do ser humano para avanzar no seu propio desenvolvemento e polo ben común

Unit 4

Educación moral e cívica: Valor da aventura para desenvolverse como persoa e relacionarse con xente doutros lugares e culturas

Unit 5

Educación moral e cívica: Valoración do patrimonio histórico e cultural da humanidade, accedendo a datos sobre civilizacións antigas e realidades actuais

Unit 6

Educación moral e cívica: Observación dos avances que o home está realizando en cuestións técnicas, por exemplo, no equipamento do fogar

Unit 7

Educación moral e cívica: Reflexión sobre o valor de adquirir unha boa educación para poder enfrontarse aos retos do futuro e escoller a actividade profesional do noso agrado

Unit 8

Educación para a saúde: Observación da enfermidade como realidade, e da necesidade de contrarrestar a súa influencia mediante hábitos saudábeis.

1º BACHARELATO

Unit 1

Educación do consumidor: Mostrar unha actitude crítica ante o mundo do cine e a oferta cinematográfica.

Unit 2

Educación para a paz: Ser consciente da importancia da lingua inglesa para coñecer máis a fondo aspectos culturais e sociais dos países onde se fala.

Unit 3

Educación para a paz: Valorar a importancia do inglés como instrumento para facilitar a comunicación entre os pobos.

Unit 4

Educación sexual: Reflexionar sobre a importancia dunhas relacións equilibradas entre amigos e coa parella.

Unit 5

Educación para a igualdade entre os sexos: Tomar conciencia dalgunhas situacións de discriminación laboral por cuestión de sexo e reflexionar sobre a igualdade de oportunidades para homes e mulleres sexa cal sexa o emprego ao que opten.

Unit 6

Educación do consumidor: Reflexionar sobre os efectos positivos e negativos da publicidade dirixida aos adolescentes.

Unit 7

Educación sexual: Reflexionar sobre as relacións persoais.

Unit 8

Educación para a paz: Reflexionar sobre os inventos que poden aparecer no futuro e a súa repercusión no benestar da humanidade.

Unit 9

Educación moral e cívica: Mostrar respecto polas distintas formas de entender a vida e reflexionar sobre o que a propia pode afectar ao entorno.

Unit 10

Educación sexual: Reflexionar sobre a importancia dos sentimentos alleos e sobre os propios á hora de interpretar situacións conflitivas.

2º BACHARELATO

Unit 1

Educación medioambiental: Mostrar unha actitude crítica e reflexionar perante a situación dos medios de transporte, a súa problemática e a súa repercusión no medio ambiente

Unit 2

Educación para a saúde: Valorar a importancia da práctica do deporte para o benestar físico e psíquico

Educación para a paz: Reflexionar sobre a repercusión das grandes competicións deportivas na relación entre os pobos e aprender a valorar os logros conseguidos

Unit 3

Educación moral e cívica: A ética na aplicación dos avances científicos.

Unit 4

Educación medioambiental: Valoración da intervención do home na paisaxe

Unit 5

Educación do consumidor: Analizar de maneira crítica a variedade na oferta de publicacións periódicas

Unit 6

Educación moral e cívica: Mostrar respecto polas opinións e crenzas distintas das propias

Unit 7

Educación para a paz: Valorar a importancia dunha boa comunicación para o bo entendemento entre as persoas.

Unit 8

Educación para a paz: Valorar a importancia da lingua inglesa para coñecer e entender outras formas de organización social e cultural.

11. CONTIDOS INTERDISCIPLINARES

En todas as unidades se fará fincapé en diversos temas interdisciplinarios, trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real e axudando no desenvolvemento do seu coñecemento do mundo fóra da clase de inglés. A relación da área de inglés con outras áreas do currículo será máis concreta nos seguintes casos:

1º E.S.O.

Unit 1

Ciencias Sociais (Xeografía): Aprender sobre países e nacionalidades

Unit 2

Ciencias Sociais (Xeografía): Aprender a localizar diferentes países nun mapa físico

Unit 4

Ciencias Sociais (Xeografía): Aprender características de diferentes lugares do mundo e a súa meteoroloxía

Unit 5

Ciencias Sociais (Xeografía): Aprender a interpretar mapas

Unit 6

Matemáticas: Aprender sobre cantidades

Unit 7

Matemáticas: Traballar os números ordinais

Unit 8

Ciencias Sociais (Xeografía): Aprender sobre a cultura e a localización física de antigas civilizacións

Unit 9

Lingua e literatura: Aprender antónimos

2º E.S.O

Unit 1

Ciencias Sociais:Aprender sobre Australia

Unit 2

Ciencias Sociais:Aprender a localizar no mapa os países que se citan no texto

Música:Aprender sobre música e músicos

Unit 4

Lingua e Iª: Aprender sobre Shakespeare

Unit 7

Ciencias Sociais(Xeografía):Localizar xeográficamente montañas importantes

Unit 9

Ciencias Naturais:aprender sobre o sistema solar

3º E.S.O

Unit 2

*Alternativa o relixión:*Aprender a empatizar e entender os sentimentos da xente.

Unit 6

*Educación física (deporte):*Aprender sobre deportes, beneficios e riscos que levan consigo

Unit 7

Música: Aprender sobre música e músicos.

4º E.S.O

En toda-las unidades farase fincapé en diversos temas interdisciplinares, trasladando o vocabulario e estruturas a un contexto de vida real e axudando no desenvolvemento do seu coñecemento do mundo fóra da clase de inglés.

1º BACHARELATO

Unidade 1: People

Técnicas de expresión gráfico-plástica

- Descricións da aparencia e da personalidade da xente

Ciencias para o mundo contemporáneo

- A grafoloxía
- Avances nas novas tecnoloxías da comunicación e da información

Filosofía e cidadanía

- O horóscopo chinés

Xeografía

- Cultura chinesa

Lingua e Iª

- Os adxectivos e algúns prefixos que axudan a formalos
- Técnicas de lectura
- Present S. e o pres. continuous
- Uso das conxuncións...

Unidade 2: Travel

Xeografía

- Coñecemento e recoñecemento de diferentes puntos xeográficos e a súa posible explotación turística: Londres, Grecia e as súas illas, California, Kenia, etc.
- Multiculturalidade

Ciencias da Terra e ambientais

- Ecoloxía: concienciación dos alumnos para manter limpo e respectar e axudar a conservar as herdanzas naturais e históricas

Historia da Arte

- Lugares históricos. Recoñecemento e valoración da súa importancia

Grego

- A cultura clásica: o Partenón

Filosofía e cidadanía

- A conservación dos lugares históricos. Medidas que se toman para a súa protección
- Medidas gubernamentais para a loita e a protección dun lugar histórico

Literatura

- Lonely planet:un éxito editorial e a súa explotación

Lingua

- Sustantivos compostos
- Técnicas de lectura
- Past simple, past continuous, past perfect simple
- Técnicas de escritura
- Narración oral dun feito pasado

Unidade 3:Sport

Educación física

- Deportes e equipamentos deportivos
- Os deportes no Reino Unido en comparación cos do propio país
- Distintos tipos de deportes:aventura, aire libre

Lingua e literatura

- Familia léxica e campo semántico dos deportes
- Collocations con verbos
- Uso das conxuncións
- Rexistro formal e informal
- Present perfect simple

Unit 4:The environment

Ciencias da terra e ambientais:

- Axentes contaminantes externos
- Ecoloxía e reciclaxe:concienciación
- Construcións arquitectónicas ecolóxicas
- Medios para preservar o medio ambiente
- Enerxías renovables

Deseño

- Envases ecolóxicos

Ciencias para o mundo contemporáneo

- Os coches híbridos

Lingua e Iª

- Os prefixos
- Técnicas de lectura e escritura
- Comparación de fotografías

Unidade 5: Communication

Ciencias para o mundo contemporáneo:

- Uso e investigación da ciencia para desenvolver as TIC(Tecnoloxías da información e da comunicación)

Cultura audiovisual:

- As TIC e as súas aplicacións
- Distintos medios de comunicación

Unidade 6:Culture and customs

Cultura audiovisual:

- Utilización nos medios de comunicación de tiras cómicas como medio de expresión de ideas

Xeografía

- Localización xeográfica de distintos países
- Capitais europeas da cultura

Filosofía e cidadanía:

- Posibilidades,obrigas e prohibicións dos cidadáns

Lingua e Iª

- Recoñecemento das linguas oficiais de diferentes países
- Técnicas de lectura e escritura
- Modais e modais perfectos

Historia da música e da danza

- A música como medio de expresión

Unidade 7:Technology

Ciencias para o mundo contemporáneo

- Uso e investigación da ciencia para desenvolver as TIC
- Aplicacións da tecnoloxía

Filosofía e cidadanía:

- A ética e os delitos relacionados coas novas tecnoloxías

Unidade 8:Films

Economía para a empresa:

- Empresas de lecer e entretemento: o cine

Literatura

- Exitos editoriais

Filosofía e cidadanía

- Os dereitos humanos e a liberdade de expresión

Lingua e literatura

- A pasiva
- Os verbos causativos
- Relatos ou narracións sobre películas

Unidade 9: The news

Cultura audiovisual:As TIC:clases e estrutura;influencia e expansión

Filosofía e cidadanía

- Os dereitos humanos e a liberdade de expresión

Xeografía

- A fonte de Trevi en Roma

Lingua e Iª

- Formar sufixos
- Xerundios
- A estrutura dunha reportaxe e dunha noticia.Redactar unha noticia.

2º BACHARELATO

Unidade 1: Health

- Ciencias para o mundo contemporáneo:
 - Coñecemento de datos xerais sobre a alimentación
 - Os riscos que supoñen os teléfonos móbiles para a saúde.
 - Alimentos pouco comúns e comparación cos do propio país.
 - Comidas típicas de Gran Bretaña e EEUU.
- Filosofía e cidadanía
 - A prohibición de fumar en lugares públicos
- Bioloxía
 - A importancia da hixiene á hora de preparar alimentos antes de ingerilos para evitar posibles enfermidades.
- Educación Física
 - O deporte como actividade para levar unha vida sana.
 - O tabaco
 - Importancia de levar unha dieta equilibrada como elemento beneficioso para a saúde.
- Lingua e literatura

- Collocations
- Prefixos para formar novas palabras
- Técnicas de lectura
- Os tempos compostos
- Xerundio e infinitivo
- Técnicas de escritura

Unidade 2: Jobs

- Historia do mundo contemporáneo
 - As eleccións en Estados Unidos
- Filosofía e cidadanía
 - As entrevistas de traballo
- Economía de empresa
 - Profesións pouco correntes
- Literatura Universal
 - Dracula de B.Stoker.Coñecemento da obra e a súa época.
- Cultura audiovisual
 - O poder das cancións.*Moon over Bourbon Street* de Sting
- Hª da música e a danza
 - A música como forma e expresión

Unidade 3: Shopping

- Ciencias para o mundo contemporáneo
 - Comprar a través de Internet de forma segura
 - A venta de regalos non desexados a través dunha páxina web
- Fª e cidadanía
 - Persoas adictas ás compras
 - As falsificacións de artigos de marcas de diseño
- Lingua e Lª
 - Phrasal verbs
 - False friends
 - Técnicas de lectura
 - A voz pasiva
 - Os verbos causativos
 - A técnica da paráfrasis

Unidade 4: Relationships

- Filosofía e cidadanía
 - A agrupación relixiosa Amish
- Hª do mundo contemporáneo
 - **Wangari Maathai** primeira muller africana, premio Nobel da Paz
- Lª Universal
 - Trees, un poema de Alfred Joyce Kilmer

Unidade 5: Tourism

- Xeografía
 - O turismo oscuro: visita a lugares onde tivo lugar alguna traxedia como a zona 0 en Nova York ou Chernóbil.
 - Coñecemento e/ou recoñecemento de diferentes puntos xeográficos e lugares de interés e a súa posible explotación turística: San Petersburgo en Rusia, Cidade do Cabo en Sudáfrica etc.

Unidade 6: Celebrations

- Xeografía
 - Achegamento a algún elementos culturais de outros países: tradicións, festas etc.
- Fª e cidadanía
 - A celebración de Noite en Branco en distintas cidades do mundo
- Lingua e Lª
 - Palabras que se confunden con facilidade
 - Verbos seguidos de adxectivo
 - Técnicas de lectura
 - Modais
 - Should/had better
 - Conectores
 - A estrutura do texto narrativo
 - Descrición de acontecementos.

12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos dos que dispoñe o departamento de inglés son os seguintes:

- Aula de idiomas.
- Aula de informática.
- DVD.
- Videocassette.
- TV.
- Radiocassettes con CD.
- Cadea musical con CD.
- Biblioteca.
- Diverso material bibliográfico: vídeos, revistas, dicionarios, prensa diversa, folletos, libros de lectura (graded readers).
- Cartulinas, posters, etc.
- Pizarra dixital

O material didáctico utilizado en cada curso e o seguinte:

- 1º ESO: *Spotlight 1* (Ed. Oxford)
- 2º ESO: *Spotlight 2*(Ed. Oxford)
- 3º ESO: *Spotlight 3* (Ed. Oxford)
- 4º ESO: *Spotlight 4* (Ed. Oxford)
- 3º e 4º ESO (PDC): *Let's go 1* (Ed. Burlington)
- 1º BAC: *Bridges 1* (Ed. Burlington)
- 2º BAC: *Bridges 2* (Ed. Burlington)

Na ESA non hay libro de texto polo que se traballará con material preparado polo profesor do curso.

13.ANEXO 1: AS TIC

Os materiais didácticos multimedia han ido adquirindo unha crecente importancia na educación actual. A elaboración destes materiais didácticos ten evolucionado ó longo destes últimos anos e hoxe ninguén pon en dúbida a súa capacidade de incidir na aprendizaxe desde temprana idade.

É unha realidade incuestionable hoxe que a incorporación das TIC na sociedade e en especial no ámbito da educación aporta unha gran fonte de recursos e materiais didácticos que inflúen de maneira significativa na ensinanza e na aprendizaxe da comunidade estudiantil.

Un sistema de aprendizaxe baseado nas Tecnoloxías da Información e da Comunicación aporta sen dúbida un valor engadido ó actual sistema educativo e abre as portas a novos paradigmas educativos e de formación.

O departamento de inglés deste centro considera importante a incorporación de forma decidida das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á práctica docente desta área. Supón unha mellora cualitativa no proceso da ensinanza/aprendizaxe relativo ós seguintes aspectos básicos na aprendizaxe da lingua estranxeira:

- Aumento moi considerable da interacción comunicativa
- Motivación pola posibilidade de participar en situacións reais de comunicación (foros, chats e e-mail) en tempo real
- Incremento da persoalización das correccións en audicións, expresión oral-escrita, gramática e vocabulario
- Potenciación da individualización e diversificación curricular cunha graduación adecuada do grado de dificultade
- Potenciación das capacidades de aprendizaxe autónomo co incremento do protagonismo do alumno ó poder ir seleccionando entre diferentes opcións de actividades dependendo das súas capacidades e adaptándoas ó seu ritmo de aprendizaxe.

Tipología de actividades basadas no uso de Recursos Web

○ **Self –correcting exercises**

Objective: Reproducing and/or learning new contents by practising interactive and mechanical activities

Task (consists in): Completing, matching, giving the answer

○ **Browsing web pages**

Objective: Evaluating different web sites from various perspectives:

Do you like the page?

Do you understand the content?

Which one do you understand better?, etc

Task (consists in): Exploring various sites selected around the same topic/s with some questions in mind

//trackstar.4teachers.org/trackstar/ts/viewtrack.do?number=250910

○ **Reference web sites**

Objective: Instrumental use of the information obtained in order to carry out another activity. Eg.:

Use a dictionary or an encyclopedia to read a text

Use lists of words to write a composition

Task (consists in): Checking the information needed (dictionaries, encyclopedias, etc) with another objective

Example: Write a description using vocabulary lists.

○ **Listening comprehension**

Objective: Listen or read a text in order to answer some questions (Skimming, scanning)

Task (consists in): Listening/reading just one text in order to answer a set of questions

Treasure hunts

Objective: Read and find the specific requested information in several web pages

Task (consists in): Visiting the links and answering the questions given

//poster.4teachers.org/worksheet/view.php?ID=43697

○ **Webtasks**

Objective: Carry out a task by using web resources with a main communicative objective

Task(consists in):Performing a task based activity focused on content rather than on form aspects

[//poster.4teachers.org/worksheet/view.php?ID=57282](http://poster.4teachers.org/worksheet/view.php?ID=57282)

- **Web based projects**

Objective:Go deeply in topic given and design some kind of product(writing,poster,web page, etc)

Task(consists in):Visiting the web pages and gathering the required information analysing and selecting it in order to write a project

- **Webquest**

Objective:Carry out a research activity that allows the students to solve a problem,offer different points of view, etc

Task(consists in):Doing some research by means of the proposed resources.It is essential that some type of information transformation occurs.It should not be only copying and pasting

- **Webclues**

Who is the person?

Objective:Carry out an investigation and find out the solution to the mystery

Task(consists in):Using resources and communication tools that will help the students to find the answer

Neste curso intentaremos ir sempre que poidamos á aula de audiovisuais / informática para poñer en práctica todo este tipo de actividades aínda que nalgúns cursos o número de alumnos é maior do desexado para podelo levar a cabo adecuadamente.

Asemade, unha profesora do Departamento (Beatriz Fernández Mourente) participa no programa EDA 2009-10, que consiste na experimentación no aula duns materiais multimedia elaborados coa aplicación Malted para la ensinanza de idiomas. Levarase a cabo co grupo 3º ESO A ao longo do primeiro trimestre.

14. ANEXO 2 : O PROXECTO LECTOR

O noso obxectivo principal será o de desenvolver a capacidade de ler cunha velocidade e comprensión adecuada ,o de desenvolver o interés, o gusto e a necesidade pola lectura e despertar o interés polos libros.

No referente á lectura comprensiva e autónoma de textos de temática xeral e adecuados ós seus intereses, o alumnado utilizará técnicas de aprendizaxe que desenvolvan a súa autonomía na lectura comprensiva e no uso dos procedementos adquiridos de modo sistemático.

Os tipos de texto máis usuais son artigos de revistas, textos informativos e narrativos, diarios e historias breves.As estratexias de lectura centradas en desenvolver a súa autonomía, tales como a utilización de dicionarios (seleccionar o adecuado, detectar e buscar as palabras esenciais para a comprensión, identificar a acepción apropiada etc.), o uso de gramáticas e libros de referencia e o uso de recursos lingüísticos tales como a formación de palabras,as categorías gramaticais, a identificación de true e false friends, sinónimos etc. Requiren unha práctica sistemática para alcanzar automatización no desenvolvemento da lectura comprensiva.Os textos iranse especializando pouco a pouco, con temas de interés e actividades de dificultade adecuada ó seu nivel, co obxectivo de fomentar nos alumnos o aprecio da lectura como fonte de información, pracer, lecer e acceso a outras culturas e formas de vida.Tamén se pretende fomentar unha actividade receptiva e respectuosa e ó mesmo tempo , crítica sincera á información que transmiten os devanditos textos.

Noutro apartado da nosa programación fixemos referencia ó feito de establecer unhas lecturas obligatorias para cada curso que serán avaliadas así como ó feito de premiar que os alumnos lean outros libros de maneira voluntaria.

15. ANEXO 3: SECCIÓNS BILINGÜES

Neste curso teremos seccións bilingües en 2º, 3º e 4º ESO, así como en 1º Bacharelato.

No reforzo lingüístico da sección bilingüe, as notas do profesor que imparta clase a eses alumnos, formarán parte na nota global de devanditos alumnos no grupo de referencia. Adxúntanse as programacións didácticas das devanditas seccións, incluídas nas programacións didácticas dos correspondentes departamentos- Tecnoloxía (3º e 4º ESO), Física e Química (3º ESO) e Matemáticas (2º ESO e 1º Bacharelato).

MATEMÁTICAS **SECCIÓNS BILINGÜES.**

Como xa se indicou na introdución da presente programación, no presente curso 2009-10 continúaase coa implantación da sección bilingüe (galego-inglés) no grupo de ciencias de primeiro de bacharelato (o curso pasado iniciouse nun curso de 4º ESO) e incorpórase nun curso de 2º ESO, co cal se pretende continuar co proxecto iniciado no curso anterior e co que se pretende que os alumnos adquiren un maior coñecemento e destreza no emprego dun segundo idioma, incluído no ámbito do ensino da materia de matemáticas.

OBXECTIVOS.

O obxectivo principal de esta sección é que o alumno adquire os fundamentos dunha linguaxe técnica nunha lingua estranxeira. Temos que ter en conta que os obxectivos a conseguir serán os mesmos que os marcados para o curso correspondente, pero ademais se intentará que o alumno sexa capaz de expresarse noutra lingua cando se fale de matemáticas.

Como obxectivos específicos:

- Adquirir un coñecemento de termos técnicos nunha lingua estranxeira.
- Adquirir soltura para expresar os seus coñecementos na lingua estranxeira, tanto de forma oral como de forma escrita.
- Entender que as distintas materias non son materias estancas, senón que hai unha conexión entre os coñecementos adquiridos en distinta materias.
- Valorar a importancia de coñecer e manexar distintas linguas para afrontar un traballo científico.

CONTIDOS.

Tanto os contidos coma os contidos mínimos, as competencias e a temporalización para esta sección coinciden totalmente cos do curso de referencia e só poderán ser modificados de forma mínima se así se require.

METODOLOXÍA.

As clases serán bilingües durante a primeira parte do curso, introducindo en cada tema linguaxe técnico, ao principio só con vocabulario e un pouco máis adiante con definicións e propiedades expresadas enteiramente na lingua estranxeira. A medida que o curso vaia transcorrendo e sempre dependendo do alumnado o profesor intentará expresarse en inglés durante máis tempo ao longo do período lectivo. O obxectivo é que no último trimestre do curso as clases sexan exclusivamente nesa lingua estranxeira. En canto ás clases de matemáticas en si, procurarase adaptar o máis posible á metodoloxía marcada no departamento na presente programación.

PAUTAS DE AVALIACIÓN.

Seguirase os criterios de avaliación e cualificación marcados para o resto dos grupos. Ao alumno avaliaráselle exclusivamente polo seu rendemento na materia de Matemáticas, pero serán valorados positiva ou negativamente os seus esforzos en utilizar na aula a lingua estranxeira. Iso pode incluír o seu traballo na aula e nas diferentes probas plantexadas, sexan escritas ou orais.

RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os materiais necesarios para levar a cabo este proxecto serán distintos textos e materiais de tipo informático. Tamén serán necesarios dous dicionarios de termos técnicos, un a disposición do profesor como apoio para preparar as súas clases e outro a disposición do alumnado, que podería estar na biblioteca do centro ou na de aula.

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

AVALIACIÓN NA ESO E NO BACHARELATO.

- En cada avaliación faranse un mínimo de 2 probas escritas. En cada exame, a maiores da materia correspondente ao mesmo, incluíranse unha ou dúas preguntas pertencentes a materia dada con anterioridade e que foron incluídas en exames anteriores. Previamente á celebración de dita proba escrita o profesor indicará aos alumnos e alumnas aqueles contidos que deben ser traballados e que se incluírán nesa(s) pregunta(s).
- A nota da avaliación obtense calculando a media aritmética das probas escritas realizadas. Dita nota pode se modificada nun punto como máximo tendo en conta o comportamento, a actitude e o traballo diario de cada alumno(a) na clase.
- En cada avaliación realizarase un exame de recuperación para todos aqueles alumnos(as) que non obteñan unha nota mínima de 5 na nota da avaliación (calculada coma se indicou no punto anterior). Dito exame de recuperación, no cal se incluírán preguntas relativas a conceptos traballados na avaliación correspondente, se fará nunha data posterior á entrega dos boletíns (agás no caso da terceira avaliación). Poderán presentarse a dita proba aqueles alumnos(as) que queiran subir a súa nota. En calquera dos casos, a nota media final na avaliación será a máis alta entre a nota exacta da avaliación e a nota do exame de recuperación.
- Do mesmo xeito realizarase un exame final, ao remate do curso, ao cal terán que presentarse todos aqueles alumnos(as) que non obteñan un 5 na media das notas exactas de cada unha das tres avaliacións. Nesta proba escrita entrará toda a materia do curso e tamén poderá ser empregada para todos aqueles alumnos(as) que desexen subir a súa nota no curso. En calquera dos casos, a nota media final no curso será a máis alta entre a nota media das notas das avaliacións e a nota do exame final.
- Cando un alumno(a) non teña superada a materia despois do exame final de curso terá que presentarse á convocatoria extraordinaria no mes de setembro.

SEGUNDO CURSO E.S.O

OBXECTIVOS.

- Realizar cálculos de mcd e mcm de dous ou máis números.
- Adquirir soltura no cálculo con números enteiros.
- Operar e simplificar fraccións.
- Distinguir magnitudes directa e inversamente proporcionais.
- Ter nocións suficientes da linguaxe alxébrica para abordar o prantexamento e resolución de ecuacións de primeiro grao e sistemas de ecuacións.
- Resolver ecuacións de primeiro grao.
- Resolver sistemas de dúas ecuacións lineais con dúas incógnitas.
- Recoñecer as propiedades de elementos como rectas, ángulos e das distintas figuras planas e saber medir as súas áreas e perímetros.
- Coñecer a relación entre os lados dun triángulo rectángulo.
- Estudar a proporcionalidade entre distintas figuras.
- Coñecer as principais figuras poliédricas.
- Coñecer os principais corpos de revolución.
- Calcular áreas e volumes de corpos simples.
- Coñecer a relación entre dúas variables e saber representar gráficas sinxelas.
- Saber ler unha táboa estatística discreta.
- Saber representar nun diagrama datos estatísticos discretos.
- Interpretar e calcular medidas de centralización dunha táboa estatística discreta.

CONTIDOS.

Unidade 1: Funcións.

- . Nomenclatura básica.
- . Crecemento e decrecemento.
- . Funcións de proporcionalidade.
- . Funcións lineais.
- . Representación en coordenadas cartesianas. Interpretación dunha gráfica.

Unidade 2: Táboas estatísticas.

Unidade 3: Gráficas estatísticas.

- Diagrama de barras

Unidade 4: Parámetros estatísticos.

- Medidas de centralización. Interpretación.
- Moda. Mediana. Media. Desviación media.

Unidade 5: Divisibilidade.

- Máximo común divisor e mínimo común múltiplo.
- Problemas.

Unidade 6: Números enteiros.

- Valor absoluto.
- Orde.
- Operacións.
- Potencias de expoñente natural. Operacións con potencias.
- Notación científica.
- Raíces cadradas.

Unidade 7: Fraccións.

- Equivalencia, operacións.
- Relación cos decimais e porcentaxes.
- Xerarquía das operacións e uso da paréntese.
- Redondeos.

Unidade 8: Proporcionalidade.

- Regra de tres e método de redución á unidade.
- Proporcionalidade composta.
- Magnitudes directa e inversamente proporcionais.
- Incrementos e diminucións porcentuais.

Unidade 9: Expresións alxébricas.

- Paso de linguaxe verbal á linguaxe alxébrica (ou viceversa)
- Valor numérico dunha expresión alxébrica.
- Operacións.

Unidade 10: Ecuacións de primeiro grao.

- . Ecuacións de primeiro grao, con parénteses e/ou denominadores.
- . Problemas.

Unidade 11: Sistemas de ecuacións lineais.

- . Sistemas de dúas ecuacións con dúas incógnitas.
- . Métodos de igualación, substitución e redución.
- . Problemas.

Unidade 12: Elementos básicos de xeometría.

- Rectas, segmentos, ángulos.
- Operacións con medidas angulares.
- Circunferencia.
- . Medidas de tempo.

Unidade 13: Teorema de Pitágoras.

Unidade 14: Semellanza.

- . Planos, mapas e maquetas.
- . Teorema de Tales.
- . Semellanza de triángulos. Aplicacións.

Unidade 15: Figuras poliédricas.

- . Estudo e clasificación.

Unidade 16: Corpos de revolución.

- . Estudo e clasificación.

Unidade 17: Áreas e volumes de corpos xeométricos.

TEMPORALIZACIÓN

Primeira avaliación: Unidades 1,2,3,4,5,6

Segunda avaliación: Unidades 7,8,9,10,11

Terceira avaliación: Unidades 12,13,14,15,16,17

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.

Primeira avaliación:

- Funcións: variable dependente e independente. Gráfica dunha función.
- Táboas, gráficos e parámetros estatísticos.
- Divisibilidade: cálculo de mcd y mcm.
- Números enteiros: operacións, regra dos signos.
- Potencias de expoñente natural.
- Raíces cadradas.

Segunda avaliación:

- Fraccións: operacións, simplificacións.
- Proporcionalidade: magnitudes directa e inversamente proporcionais.
- Expresións alxébricas: a linguaxe alxébrica, produtos notables.
- Ecuacións de primeiro grao: problemas.
- Sistemas de ecuacións lineais: problemas.

Terceira avaliación:

- Teorema de Pitágoras: aplicacións.
- Semellanza: teorema de Thales, proporcionalidade de segmentos.
- Figuras poliédricas: prismas, poliedros e pirámides. Áreas e volumes.
- Corpos de revolución: cilindro, conos e esferas. Áreas e volumes.

COMPETENCIAS TRABALLADAS.

As competencias matemáticas que se traballan neste curso son: Operacións básicas (en tódalas unidades, especialmente 5, 6 e 7) , Razoamento lóxico (en especial nas unidades 8, 9, 10 e 11), Representación gráfica (unidades 1, 12, 13, 14, 15, 16, 17), Resolución de problemas (unidades 2, 3, 4, 10 e 11).

Ademais das competencias matemáticas traballaranse durante tódalas unidades e de xeito continuado, competencias lingüísticas como a comprensión oral e escrita, a expresión oral e escrita e a ortografía, así como competencias coma o hábito diario de

traballo, a planificación e organización do traballo, motivación e interese polo estudio, autoestima e confianza en si mesmo...

ACTITUDES.

1- Valoración da precisión, simplicidade e utilidade das linguaxes numérica, gráfica, xeométrica e estatística para representar, comunicar ou resolver diferentes situacións da vida cotiá.

2- Sensibilidade e interese ante as informacións e mensaxes de tipo numérico.

3- Confianza nas propias capacidades para afrontar problemas e realizar cálculos e estimacións numéricas.

4- Perseveranza e flexibilidade na busca de solucións ós problemas.

5- Curiosidade por descubrir relacións e propiedades matemáticas.

6- Disposición favorable á comprobación e revisión dos resultados calquera que sexa o problema resolto.

7- Recoñecemento da necesidade de realizar cálculos, exactos ou aproximados, seguindo a estratexia que cada caso aconselle.

8- Valoración das matemáticas para interpretar, describir e predecir situacións incertas.

9- Sensibilidade e gusto polo rigor tanto nas argumentacións como na realización dos cálculos.

10- Respecto polo traballo e as opinións dos demais, especialmente ó realizar actividades en equipo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1- Utilizar de forma adecuada os números enteiros, as fraccións, os decimais e as raíces cadradas para resolver situacións relacionadas coa vida cotiá. (unidade 6, 7)

2- Elixir, ó resolver un determinado problema, o tipo de cálculo adecuado (mental ou manual) e darlle significado ás operacións e resultados obtidos, dacordo co enunciado. (unidade 5, 6, 7 e 8)

3- Estimar e calcular expresións sinxelas nas que aparezan números enteiros, fraccionarios e radicais básicos (baseadas nas operacións elementais que involucren, como máximo, dúas operacións encadeadas e uns parénteses), aplicando correctamente as regras de prioridade e facendo un uso adecuado dos signos e dos parénteses. (unidade 6 e 7)

4- Utilizar as aproximacións numéricas, por defecto e por exceso, elixíndoas e valorándoas de xeito convinte na resolución de problemas, dende a toma de datos ata a solución. (unidade 7 e 8)

5- Simbolizar e resolver problemas sinxelos utilizando métodos numéricos, gráficos ou alxébricos, cando se baseen na aplicación de fórmulas coñecidas ou na resolución de ecuacións sinxelas de primeiro grao ou sistemas de ecuacións lineais simples. (unidades 9, 10 e 11)

6- Manexar as distintas unidades de medidas e as súas relacións, empregando convenientemente o factor de conversión, regra de tres simple, directa e inversa, e porcentaxes, para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e valorando o grao de precisión. (unidade 8)

7- Recoñecer, debuxar e describir os elementos e propiedades características das figuras planas, os corpos elementais e as súas configuracións xeométricas a través de ilustracións, de exemplos tomados da vida real ou nun contexto de resolución de problemas xeométricos. (unidade 12, 13, 14, 15, 16 e 17)

8- Empregar o teorema de Pitágoras e demais fórmulas adecuadas para obter lonxitudes, áreas e volumes das figuras planas e dos corpos experimentais, en un contexto de resolución de problemas xeométricos. (unidade 13 e 17)

9- Interpretar e utilizar as relacións de proporcionalidade xeométrica entre segmentos e figuras planas utilizando o teorema de Tales e os criterios de semellanza. Utilizar adecuadamente as escalas numéricas e gráficas, para coñecer realmente as dimensións das figuras representadas en mapas ou planos. (unidade 14)

10- Representar e interpretar puntos e gráficas cartesianas de relacións funcionais sinxelas, baseadas na proporcionalidade directa, que veñan dadas a través de táboas de valores e intercambiar información entre esas táboas e as gráficas. (unidade 1)

11- Obter e interpretar as táboas de frecuencias, diagramas, así como as medidas de centralización dunha distribución discreta. (unidade 2, 3 e 4).

12- Utilizar diferentes estratexias e técnicas na resolución de problemas, tales como a análise do enunciado, o ensaio e erro ou a división do problema en partes, e comprobación da solución obtida, así como describir correctamente de forma verbal o procedemento de resolución. (todas as unidades).

13- Interpretar mensaxes que conteñan información de carácter cuantitativo ou sobre relacións espaciais. (todas as unidades).

14- Planificar e realizar traballos matemáticos e históricos tanto individualmente como en grupo. (unidades 1, 2, 3, 4, 14, 15, 16 e 17)

15- Utilizar ferramentas tecnolóxicas para facilitar os cálculos de tipo numérico, alxébrico ou estatístico, as representacións funcionais e a comprensión de propiedades xeométricas. (todas as unidades)

Como criterios mais específicos:

- Utilizar correctamente os distintos tipos de números e as operacións con eles, adaptándoos aos distintos tipos de problemas. (unidades 5, 6 e 7)
- Utilizar correctamente as parénteses. (unidades 6, 7, 9 e 10)

- Manexar os números decimais e as súas aproximacións. (unidades 6 e 8)
- Resolver ecuacións de primeiro grao e sistemas de ecuacións. (unidades 10 e 11)
- Manexar as figuras planas e os corpos elementais. (unidade 12, 13, 14, 15, 16 e 17)
- Coñecer o teorema de Pitágoras. (unidade 13)
- Coñecer o teorema de Tales. (unidade 14)
- Representar gráficas cartesianas sinxelas. (unidade 1)
- Manexar táboas de frecuencias. (unidades 2, 3 e 4)
- Utilizar correctamente os símbolos matemáticos. (todas as unidades)

PRIMEIRO CURSO: MATEMÁTICAS I.

OBXECTIVOS.

- Distinguir os distintos tipos de números reais e saber operar con eles.
- Entender a necesidade de ampliar o conxunto de números reais.
- Entender o concepto de logaritmo e as súas propiedades principais.
- Resolver inecuacións de primeiro e segundo grao.
- Resolver todo tipo de triángulos.
- Saber operar con vectores no plano.
- Manexar correctamente as distintas ecuacións da recta.
- Coñecer as ecuacións das cónicas.
- Coñecer as propiedades básicas das funcións elementais.
- Entender o concepto de límite dunha función, saber calculalos e aplicalos ao estudio da continuidade da función.
- Saber calcular derivadas sinxelas.
- Representar graficamente diferentes funcións e resolver problemas de optimización.
- Calcular probabilidades en experimentos simples ou experiencias compostas.
- Recoñecer fenómenos que sigan unha distribución binomial ou normal.
- Entender a relación entre dúas variábeis estatísticas.

CONTIDOS.

Unidade 1: Funcións.

- . Función real de variable real.
- . Clasificación e características básicas das funcións elementais.
- . Operacións.

Unidade 2: Límites e continuidade.

- . Concepto intuitivo de límite funcional.
- . Límites laterais e infinitos.
- . Cálculo de límites.
- . Concepto intuitivo de continuidade.
- . Estudo de descontinuidades.

Unidade 3: Derivadas.

- . Derivada dunha función.
- . Interpretación xeométrica.
- . Aplicacións xeométricas e físicas da derivada.
- . Pendente dunha curva nun punto.
- . Ecuación da recta tanxente.
- . Cálculo de derivadas.

Unidade 4: Aplicacións das derivadas.

- . Representación gráfica de funcións.
- . Problemas de optimización.

Unidade 5: Números reais.

- . Recta real.
- . Valor absoluto. Distancia entre dous puntos.
- . Intervalos sobre a recta.

Unidade 6: Números complexos.

- . Operacións elementais: suma, produto, cociente.

Unidade 7: Inecuacións.

- . Resolución e interpretación gráfica de inecuacións de primeiro e segundo grao.
- . Sistemas de inecuacións.

Unidade 8: Sistemas de ecuacións lineais.

- . Método de Gauss.

Unidade 9: Trigonometría.

- . Ampliación do concepto de ángulo.
- . Circunferencia goniométrica.
- . Medida dun ángulo en radiáns.
- . Razóns trigonométricas dun ángulo calquera. Propiedades fundamentais.
- . Teoremas do seno e do coseno.
- . Resolución de triángulos rectángulos e no rectángulos.

Unidade 10: Vectores sobre o plano.

- . Vectores libres.
- . Operacións con vectores: suma e produto por escalares.
- . Módulo dun vector.
- . Produto escalar.

Unidade 11: Xeometría do plano.

- . Ecuacións da recta.
- . Incidencia, paralelismo e perpendicularidade.
- . Cálculo de distancias entre puntos e rectas e ángulos que forman dúas rectas.

Unidade 12: Cónicas.

- . Lugares xeométricos.
- . Ecuacións das cónicas.
- . Elementos notables.

Unidade 13: Probabilidade. Probabilidade condicionada.

- . Experimento aleatorio. Espazo mostral. Sucesos.
- . Álgebra de sucesos.
- . Cálculo de probabilidades. Propiedades.
- . Experiencias compostas.
- . Sucesos independentes.
- . Regra do produto.
- . Probabilidade total.

Unidade 14: Variables discretas. Distribución Binomial.

- . Función de distribución.
- . Función de masa de probabilidade.
- . Distribución binomial.

Unidade 15: Variables continuas. Distribución normal.

- . Función de distribución.
- . Función de densidade.
- . Distribución normal.

Unidade 16: Estatística descritiva bidimensional.

- . Gráficas.
- . Medidas características.
- . Regresión lineal.
- . Recta de regresión.
- . Coeficiente de correlación.

TEMPORALIZACIÓN.

Primeira avaliación: 1,2,3,4,5,6.

Segunda avaliación: 7,8,9,10,11

Terceira avaliación: 12,13,14,15,16

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES.

Primeira avaliación:

- Funcións: dominio, funcións elementais.
- Límites e continuidade: cálculo de límites, estudio das discontinuidades.
- Derivadas: interpretación xeométrica, cálculo de derivadas.
- Aplicacións das derivadas: representación de funcións.
- Números reais: recta real, valor absoluto, intervalos.

Segunda avaliación:

- Inecuacións e sistemas de inecuacións.
- Resolucións de sistemas de ecuacións lineais.
- Trigonometría: resolución de triángulos rectángulos e non rectángulos, fórmulas trigonométricas.
- Vectores no plano: operacións, produto escalar.
- Xeometría no plano: ecuacións da recta, posicións relativas de dúas rectas.

Terceira avaliación:

- Probabilidade e probabilidade condicionada.
- Variables discretas: distribución binomial.

- Variables continuas: distribución normal.
- Distribucións bidimensionais: correlación, recta de regresión.

ACTITUDES.

1- Valoración da precisión dos distintos linguaxes matemáticos para representar, expresar e resolver distintas situacións problemáticas relacionadas coa ciencia e a tecnoloxía.

2- Confianza e tenacidade para abordar problemas e deseñar estratexias destinadas á busca de solucións.

3- Disposición favorable á comprobación e revisión dos resultados obtidos calquera que sexa o problema resolto.

4- Curiosidade e interese polas diferentes formas e relacións, valorando os variados recursos que proporcionan as matemáticas para a súa análise.

5- Sensibilidade e gusto polo rigor tanto nas argumentacións como na realización dos cálculos.

6- Valoración crítica do uso dos medios tecnolóxicos como recursos auxiliares de traballo.

7- Interese e valoración crítica ante as informacións e mensaxes de natureza numérica, gráfica ou estatística, recibidas desde distintos ámbitos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1- Manexar os números reais e complexos, utilizando as operacións con distintos tipos de números, seleccionando a notación máis adecuada en cada situación para presentar e intercambiar información e resolver problemas interpretando os resultados obtidos. (unidades 5 e 6)

2- Transcribir ó linguaxe alxébrico problemas reais, utilizando as técnicas apropiadas a cada caso para buscar e interpretar as súas respectivas solucións. (unidades 7, 8 e 13)

3- Representar xeometricamente unha situación real problemática e resolvela, utilizando diferentes técnicas de medida de ángulos e lonxitudes e de resolución de triángulos para atopar as posibles solucións, valorándoas e interpretándoas no seu contexto real. (unidade 9)

4- Utilizar a linguaxe vectorial para interpretar analiticamente distintas situacións da xeometría plana elemental e obter ecuacións de rectas e cónicas. (unidade 10, 11 e 12)

5- Utilizar o concepto de produto escalar de vectores dados en bases ortonormais, para resolver problemas de incidencia e cálculo de distancias. (unidade 10 e 11)

6- Recoñecer as funcións elementais, representalas graficamente analizando as propiedades que as caracterizan e relacionalas con fenómenos económicos, sociais e científicos, tendo en conta a importancia da selección de eixo, unidades, dominio e escalas. (unidade 1)

7- Analizar as propiedades globais e locais dunha función sinxela que describa unha situación real, para representala graficamente e extraer información práctica que axuda interpretar o fenómeno. (unidade 2 e 4)

8- Entender o concepto de variación dunha función e saber calcular derivadas de funcións sinxelas. (unidade 3).

9- Interpretar o grao de correlación existente entre as variables dunha distribución estatística bidimensional sinxela e obter as rectas de regresión para facer prediccións estatísticas. (unidade 16)

10- Utilizar técnicas estatísticas elementais para tomar decisións ante situacións que se axustan a unha distribución de probabilidade binomial ou normal, calculando as probabilidades de un ou varios sucesos. (unidade 13, 14 e 15).

FÍSICA E QUÍMICA- SECCIÓN BILINGÜE 3º ESO

1. Introducción

Na sociedade europea actual, cada vez máis internacional e globalizada, o uso correcto dunha ou varias linguas estranxeiras, ademais de permitir ter unha distinta visión do mundo e de favorecer o interese por outras culturas, é unha necesidade prioritaria de cara á construción da Europa do século XXI.

A Lei Orgánica de Educación, LOE, establece como un dos seus fins a capacitación para a comunicación na lingua oficial, na lingua cooficial e nunha ou máis linguas estranxeiras. Ademais, esta Lei adquire un compromiso decidido cos obxectivos educativos da Unión Europea dos últimos anos, entre os que se atopa a apertura do sistema educativo ao mundo exterior, que implica entre outras cousas mellorar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, aumentar a mobilidade e os intercambios, e reforzar a cooperación europea.

Por estas razóns, durante este último ano académico 2008-2009, o IES Cabo Ortegal leva desenvolvendo dúas seccións bilingües nas materias de Matemáticas e Tecnoloxía con resultados moi satisfactorios para o alumnado e para o profesorado e, por iso, no presente

proxecto, solicítase unha nova sección bilingüe para a materia de Física e Química co fin de completar a oferta educativa do centro nas áreas científicas.

Por outra banda, como profesora que se fará cargo da sección na materia de Física e Química, nestes momentos estou a participar no programa de formación PALE, o cal me permitirá perfeccionar os meus coñecementos na lingua estranxeira e adquirir novas metodoloxías para o ensino CLIL.

2. Obxectivos xerais

Os obxectivos propostos para a materia de Física e Química están recollidos no correspondente Proxecto Didáctico do Departamento de Física e Química, e son os seguintes:

- a) Elaborar comunicacións escritas e orais construíndo narracións descritivas sobre temas científicos, empregando diferentes fontes de información.
- b) Empregar os conceptos básicos das Ciencias da Natureza para elaborar interpretacións científicas dalgúns fenómenos naturais.
- c) Aplicar estratexias para a resolución de problemas: identificación do problema, formulación de hipóteses, planificación e realización de actividades para contrastalas.
- d) Realizar actividades científicas de equipo, valorando as contribucións dos demais, e mostrando unha actitude flexible e de colaboración.
- e) Elaborar criterios científicos persoais e razoados sobre cuestións científicas e tecnolóxicas básicas do noso tempo.
- f) Empregar os coñecementos sobre Física e Química para disfrutar do medio natural.
- g) Apreciar a importancia da formación científica e empregar os valores e actitudes propios do pensamento científico nas actividades cotiás.
- h) Valorar o coñecemento científico como un proceso sometido a revisión continua.

Ademais destes obxectivos, propóñense como **obxectivos propios** do ensino nunha **Sección Bilingüe**:

⇒ Conseguir unha mellora da comunicación oral e escrita na lingua estranxeira mediante o seu uso no contexto aberto dunha materia non lingüística.

- ⇒ Introducir as TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.
- ⇒ Aplicar técnicas de busca e investigación nunha lingua estranxeira.
- ⇒ Ler diferentes tipos de textos coa fin de facilitar o acceso a fontes de información variadas e poder resolver así situacións de aprendizaxe de forma autónoma.
- ⇒ Fomentar o emprego do inglés como vehículo de comunicación fóra da clase de lingua inglesa.
- ⇒ Fomentar a interdisciplinaridade.
- ⇒ Familiarizar ao alumnado co traballo nunha lingua estranxeira.
- ⇒ Educar no respecto pola identidade, a multiculturalidade e as posicións dos demais.
- ⇒ Adquirir un coñecemento de termos técnicos nunha lingua estranxeira.
- ⇒ Valorar a importancia de coñecer e manexar distintas linguas á hora de abordar un traballo científico

3. Contidos.

Os contidos da materia serán os recollidos na **Programación do Departamento de Física e Química**, os cales agrúpanse nos seguintes bloques:

Bloque I. Introducción ó método científico.

- Método científico: etapas. O informe científico.
- Magnitudes fundamentais e derivadas.
- Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades.
- Carácter aproximado da medida. Sensibilidade e precisión. Cifras significativas. Notación científica.
- Análise de datos en táboas e gráficos.
- O traballo no laboratorio de física e química.

Bloque II. Estrutura e diversidade da materia.

II.1- Átomos, moléculas e cristais.

- Descontinuidade dos sistemas materiais. Teoría atómica de Dalton.
- Natureza eléctrica da materia.

- Modelo atómico de Rutherford. Estructura atómica: partículas constituintes. Utilización de modelos explicativos.
- Número atómico e número másico.
- Elementos químicos e isótopos.
- Radioactividade. Enerxía nuclear.
- Enlace químico. Unións entre átomos: moléculas e cristais.
- Masas atómicas e moleculares. Concepto de mol.
- Fórmulas e nomenclatura das substancias máis comúns segundo as normas da IUPAC.

II.2 Substancias puras e mesturas.

- Estados de agregación da materia: sólido, líquido e gasoso.
- Teoría cinético-molecular. Cambios de estado.
- Elementos e compostos.
- Substancias puras e mesturas.
- Métodos de separación de mesturas.
- Disolucións: compoñentes e tipos.
- Expresión da concentración das disolucións.

Bloque III. Cambios químicos e as súas aplicacións.

III.1 Reactividade química.

- Cambios físicos e cambios químicos.
- Introducción ós cambios químicos. A reacción química.
- Ecuacións químicas e o seu axuste.
- A conservación da masa. Cálculos de masa en reaccións químicas sinxelas.

III.2 A química na sociedade.

- Elementos químicos básicos nos seres vivos.
- A química e o medio: efecto invernadoiro, chuvia ácida, destrución da capa de ozono, contaminación de augas e solos.
- Petróleo e derivados.
- Medicamentos.

Bloque IV. Enerxía e electricidade.

IV.1 Fontes de enerxía.

- Fontes de enerxía renovables e non renovables.
- Fontes de enerxía tradicionais e alternativas.
- Conservación e degradación da enerxía.

IV.2 Electricidade e magnetismo.

- Cargas eléctricas e a súa interacción. Fenómenos de electrización.
- Forzas electrostáticas. Lei de Coulomb.
- Campo eléctrico.
- Condutores e illantes.
- Fluxo de cargas, xeradores e corrente eléctrica.
- diferenza de potencial. Intensidade. Resistencia. Lei de Ohm.
- Circuitos eléctricos sinxelos.
- Enerxía e potencia eléctricas. Lei de Joule.
- A magnetización da materia. Imáns. Experiencias electromagnéticas sinxelas.
- A electricidade na casa.

4. Estratexias metodolóxicas

Partindo da base de **que hai que respectar os contidos mínimos de área marcados pola administración educativa**, é necesario introducir cambios metodolóxicos significativos no ensino da materia de Física e Química para que as posibles dificultades idiomáticas iniciais non supoñan un problema para a aprendizaxe. Por iso, os procedementos han de ser comunicativos e interactivos, primarase un ensino baseado na imaxe, nas TICs e no desenvolvemento de exposicións e traballos por parte do alumnado e do profesorado. Ademais considérase de vital importancia a introdución gradual do inglés como lingua vehicular na aula. O profesorado procurará en todo momento facer as súas exposicións orais en inglés, acompañado sempre de imaxes, para que o alumnado poida suplir as dificultades idiomáticas. Os textos cos que traballen os estudantes serán, nun principio, de curta extensión e terán un vocabulario sinxelo. Premiarase entre os alumnos o uso do inglés, tanto oral como escrito, e, en ningún caso, penalizarase ao alumno pola falta de fluidez na lingua estranxeira. Desde o punto de vista lingüístico, en todo momento as estruturas empregadas e o vocabulario a esixir deberán ser supervisados pola coordinadora da lingua estranxeira, quen tamén proporcionará recursos didácticos e asesoramento para a consecución dos obxectivos previstos.

Feitas estas consideracións previas, detállanse, a continuación, as estratexias metodolóxicas que se van empregar na Sección Bilingüe, xa que as propias da materia estarán recollidas na programación:

- ⇒ Enfoque eminentemente comunicativo e activo do proceso de ensino-aprendizaxe.
- ⇒ Achegamento á lingua estranxeira por medio dun vocabulario reducido e sinxelo.
- ⇒ Uso de termos transparentes, apoiados na explicación teórica, no uso de imaxes e na linguaxe non verbal.
- ⇒ Progreso da complicación lingüística paulatino e coherente, adaptado ás necesidades e capacidade do grupo.
- ⇒ Aprendizaxe e traballo en grupos, perseguindo sempre a cooperación e axuda mutua entre o alumnado.
- ⇒ Fomento das exposicións orais e dos debates, co obxectivo de intensificar a capacidade lingüística.
- ⇒ Tolerancia nos erros de expresión para facilitar a comunicación do alumnado sen interrupcións.
- ⇒ Instrucións adaptadas á capacidade lingüística dos estudantes.
- ⇒ Profundización por escrito do vocabulario básico comunicativo e específico da área.
- ⇒ Uso recorrente das novas tecnoloxías, en especial da internet e da proxección audiovisual.
- ⇒ Utilización, no marco do punto anterior, dos medios que Internet pon á nosa disposición para elaborar informes escritos e presentacións orais, seguidos de debates e discusións.
- ⇒ Visualización de DVD científicos (National Geographic, etc) en versión orixinal. Exercicios simultáneos de "fill in the blanks" para monitorizar o grado de seguimento e comprensión por parte do alumnado.

5. Avaliación

A avaliación da materia deberá ser adaptada ao carácter especial da súa ensinanza, tendo en conta que existen dous tipos de contidos a avaliar: os relacionados co currículo da propia materia e os contidos relacionados coa lingua estranxeira.

A avaliación continua será o sistema a seguir, cualificando ao alumno segundo os contidos propios da materia de Física e Química e cos **criterios de avaliación** seguintes, recollidos na programación:

1. Distinguir as características que diferencian o traballo científico doutro tipo de actividades. Estimar a importancia da medida e interpretar axeitadamente os datos obtidos no desenvolvemento do traballo científico, empregando as cifras significativas e unidades do Sistema Internacional de Unidades.
2. Interpretar a descontinuidade dos sistemas materiais á luz da teoría atómica. Establecer a natureza eléctrica da materia e distinguir as partículas constituíntes do átomo a partir do modelo atómico de Rutherford. Aplicar os conceptos de número atómico e número másico para calcular o número e tipo de partículas compoñentes de isótopos e ións. Valorar as aplicacións da radioactividade.
3. Distinguir entre átomos e moléculas. Explicar as características da unión de átomos a través dun enlace químico e interpretar as diferenzas entre moléculas e cristais.
4. Establecer o concepto de mol. Identificar a fórmula e nome de compostos químicos comúns, para calcular a súa masa molecular e describir as súas propiedades e unidade.
5. Explicar as características dos estados de agregación da materia e dos procesos de cambio a partir da teoría cinético-molecular.
6. Diferenciar entre los elementos e compostos, sustancias puras e mesturas, así como entre mesturas homoxéneas e heteroxéneas. Seleccionar métodos físicos de separación e purificación de mesturas e comprobar a súa utilidade no laboratorio. Aplicar as porcentaxes en masa e en volume e as relacións entre cantidade de soluto e volume de disolución para expresar a concentración das disolucións.
7. Analizar as diferenzas entre cambios físicos e cambios químicos. Expresar reaccións químicas sinxelas a través de ecuacións químicas. Aplícalo á resolución de exercicios e cuestións. Axustar ecuacións químicas sinxelas e interpretar a lei de conservación da masa a partir delas.
8. Coñecer os elementos químicos máis importantes dos seres vivos. Analizar as relacións ciencia-tecnoloxía-sociedade mediante a descrición de compostos químicos de interese como os derivados do petróleo e os medicamentos. Valorar as implicacións do coñecemento científico na sociedade actual a través da relación entre a Química e o Medio Ambiente.

9. Distinguir os distintos tipos de fontes de enerxía. Recoñecer as distintas fontes de enerxía e analizar a obtención da mesma a partir dos diferentes recursos enerxéticos. Analizar a conservación e degradación da enerxía na utilización de diferentes recursos enerxéticos.
10. Distinguir as características da carga eléctrica a os fenómenos de electrización. Clasificar a materia en base ás súas propiedades eléctricas. Aplicar a lei de Coulomb á resolución de exercicios e cuestións sobre sistemas sinxelos.
11. Identificar as diferentes magnitudes relacionadas coa corrente eléctrica e os compoñentes básicos dun circuíto eléctrico. Aplicar a lei de Ohm á resolución de exercicios e cuestións. Deseñar e montar circuítos de corrente continua, levando a cabo medidas de intensidade e diferenza de potencial, que permitan comprobar a lei de Ohm.
12. Aplicar os coñecementos da Física e da Química á realización axeitada das actividades experimentais propostas ó longo do curso.
13. Analizar as interrelacións que nos contidos deste curso se dan entre ciencia, a tecnoloxía e a sociedade.

Doutra banda, tamén debe valorarse o esforzo e o progreso persoal que vaia acadando o alumnado no referente á lingua estranxeira. Neste contexto, o obxectivo será reforzar as estruturas propostas polo Departamento de Inglés e asimilar, ao mesmo tempo, o vocabulario novo específico da materia.

Tal e como se recolle nas orientacións metodolóxicas para o profesorado CLIL, é necesario ter en conta os seguintes aspectos:

- ⇒ A interiorización de contidos non lingüísticos primará sobre os resultados lingüísticos.
- ⇒ A competencia lingüística no idioma é un valor engadido que debe ser recompensado.
- ⇒ A falta de fluidez na lingua estranxeira non debe penalizarse.
- ⇒ Non hai unha metodoloxía nova, senón unha combinación de prácticas didácticas empregadas tanto na aprendizaxe de linguas como na das áreas non lingüísticas
- ⇒ Sempre que sexa posible, utilizarase a lingua estranxeira. Cando sexa necesario, recorrerase á lingua materna.

Como **procedementos de avaliación**, ademais dos recollidos na programación, propónse a elaboración dun dicionario alfabético individual no que o alumnado recollerá as palabras técnicas en inglés relacionadas coa materia. En cada entrada, ademais da definición, pode engadirse unha ilustración ou fotografía.

TECNOLOXÍA- SECCIÓN BILINGÜES 3º E 4º ESO

PROGRAMACIÓN TECNOLOXÍA SECCIÓN BILINGÜE 3º ESO

1º TRIMESTRE

UNIDADE 1 : PLÁSTICOS E MATERIAIS TEXTILES

OBXECTIVOS

1. Coñecer a procedencia e a obtención, a clasificación, as propiedades características e as variedades dos plásticos como materiais técnicos máis empregados.
2. Identificar os plásticos nas aplicacións técnicas máis usuais.
3. Analizar e avaliar as propiedades que deben reunir os materiais plásticos, seleccionando os máis idóneos para construír un produto.
4. Analizar as técnicas de conformación dos materiais plásticos e as súas aplicacións.
5. Coñecer as técnicas de manipulación e unión dos materiais plásticos e os criterios axeitados de seguridade.
6. Valorar o impacto ambiental producido pola explotación, transformación e refugallo de materiais plásticos.
7. Coñecer os beneficios da reciclaxe dos materiais plásticos e adquirir hábitos de consumo que permitan o aforro de materias primas.
8. Coñecer a obtención, a clasificación e as propiedades características dos materiais téxtiles.
9. Complementar o aprendizaxe do alumnado na lingua inglesa aplicándoa en distintos ámbitos.
10. Aprender vocabulario relacionado coa Tecnoloxía en inglés.
11. Utilizar a lingua inglesa para comunicarse en situacións habituais no taller.

CONTIDOS

Conceptos

- Plásticos. Procedencia e obtención. Propiedades características. Clasificación. Aplicacións.
- Técnicas de conformación dos materiais plásticos.
- Técnicas de manipulación dos materiais plásticos. Ferramentas manuais básicas, útiles e maquinaria necesarios para o traballo con plásticos.
- Unión de materiais plásticos: desmontables e fijas.
- Normas de uso, seguridade e hixiene no manexo e mantemento de ferramentas, útiles e materiais técnicos.
- Materiais téxtiles. Obtención. Clasificación. Propiedades características.
- Vocabulario técnico en inglés.

Procedementos

- Identificación dos materiais plásticos e téxtiles en obxectos de uso habitual.
- Análise e avaliación das propiedades que deben reunir os materiais plásticos e téxtiles, seleccionando os máis idóneos para elaborar ou construír un produto.
- Emprego na aula taller de tecnoloxía de técnicas de manipulación de materiais plásticos na elaboración de obxectos tecnolóxicos sinxelos, aplicando as normas de uso, hixiene, seguridade e control dos recursos materiais.
- Selección e reutilización dos materiais plásticos de refugallo na fabricación doutros obxectos sinxelos e operadores nos proxectos da aula taller.

Actitudes

- Predisposición a considerar de forma equilibrada os valores técnicos, funcionais e estéticos dos materiais no deseño e na elaboración de produtos.
- Sensibilidade ante o impacto ambiental producido pola explotación, a transformación e o refugallo de materiais de uso técnico e ante a utilización abusiva e inadecuada dos recursos naturais e predisposición a adoptar hábitos de consumo que permitan o

aforro de materias primas.

- Actitude positiva e creativa ante os problemas prácticos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Coñecer as propiedades básicas dos plásticos como materiais técnicos.
2. Identificar os plásticos nas aplicacións técnicas máis usuais.
3. Recoñecer as técnicas básicas de conformación dos materiais plásticos e a aplicación de cada unha delas na produción de diferentes obxectos.
4. Empregar de forma correcta as técnicas básicas de manipulación e unión dos materiais plásticos, mantendo os criterios de seguridade axeitados, e respectando as normas de uso e seguridade no manexo de materiais e ferramentas.
5. Identificar as propiedades básicas dos materiais téxtiles e os diferentes tipos.

UNIDADE 2: MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN

OBXECTIVOS

1. Expresar ideas técnicas a través de gráficos e debuxos, utilizando códigos que aclaren e estruturen a información que se pretende transmitir.
2. Manexar con soltura distintas formas de representación gráfica, utilizando as máis adecuadas segundo as necesidades do proxecto técnico.
3. Interpretar correctamente obxectos tecnolóxicos representados en distintos sistemas.
4. Coñecer o modo normalizado de utilización de liñas e cotas para aplicalo ao deseño e á comunicación de ideas na resolución de problemas técnicos.
5. Realizar planos técnicos sinxelos utilizando ferramentas informáticas.
6. Valorar a importancia do debuxo técnico como medio de expresión e comunicación na área de Tecnoloxías.
7. Complementar o aprendizaxe do alumnado na lingua inglesa aplicándoa en distintos ámbitos.
8. Aprender vocabulario relacionado coa Tecnoloxía en inglés.
9. Utilizar a lingua inglesa para comunicarse en situacións habituais no taller.

CONTIDOS

Conceptos

- Representacións de conxunto: perspectiva cabaleira, perspectiva isométrica e sistema diédrico. Vistas dun obxecto.
- Debuxo en perspectiva: método compositivo e método substractivo.
- Normalización. Escalas normalizadas.
- Acoutamento.
- Instrumentos de medida.
- Vocabulario técnico en inglés.

Procedementos

- Realización de debuxos de vistas e perspectivas de obxectos sinxelos, co fin de comunicar un traballo técnico.
- Interpretación de vistas e perspectivas de obxectos sinxelos.
- Representación de debuxos a escala para comunicar ideas técnicas e tomar decisións de deseño.
- Acoutamento de segmentos, circunferencias e arcos en figuras xeométricas planas e en obxectos sinxelos tridimensionais.
- Medida con distintos instrumentos, normais e de precisión.
- Debuxo de planos con ferramentas informáticas.

Actitudes

- Gusto pola limpeza e a orde na presentación dos traballos.
- Valoración da expresión gráfica como modo de comunicación na área de Tecnoloxías.
- Interese polas distintas formas de representación gráfica e as súas aplicacións.
- Disposición cara ao traballo e á achega dos materiais e as ferramentas necesarias para desenvolvelo.
- Valoración da importancia de manter un contorno de traballo ordenado e agradable.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Representar bosquexos e esbozos de obxectos e proxectos sinxelos a man alzada e delineados.
2. Relacionar correctamente perspectivas e representación no sistema diédrico.
3. Debuxar pezas sinxelas en perspectiva cabaleira e isométrica a partir das súas vistas.
4. Empregar as escalas axeitadas para a realización de distintos debuxos técnicos.
5. Utilizar con corrección os diferentes tipos de liñas normalizados para o debuxo técnico.
6. Acoutar correctamente pezas planas e tridimensionais.
7. Medir segmentos e ángulos con precisión, empregando as ferramentas necesarias.
8. Utilizar programas informáticos para deseñar e debuxar pezas e obxectos tecnolóxicos.

UNIDADE 3: MECANISMOS

OBXECTIVOS

1. Coñecer os mecanismos básicos de transmisión e transformación do movemento, así como as súas aplicacións.
2. Identificar mecanismos simples en máquinas complexas e explicar o seu funcionamento no conxunto.
3. Resolver problemas sinxelos e calcular a relación de transmisión nos casos que sexa posible.
4. Utilizar simuladores para recrear a función de operadores no deseño de prototipos.
5. Deseñar e construír maquetas de mecanismos simples e conxuntos de mecanismos de transmisión e de transformación.
6. Valorar a importancia dos mecanismos no funcionamento de máquinas de uso cotián.
7. Complementar o aprendizaxe do alumnado na lingua inglesa aplicándoa en distintos ámbitos.
8. Aprender vocabulario relacionado coa Tecnoloxía en inglés.
9. Utilizar a lingua inglesa para comunicarse en situacións habituais no taller.

CONTIDOS

Conceptos

- Mecanismos de transmisión do movemento (polea, polipasto, panca, rodas de fricción, sistemas de poleas, engraxes, parafuso sen fin, sistemas de engraxes). Constitución, funcionamento e aplicacións.
- Mecanismos de transformación do movemento (piñón-cremalleira, parafuso-porca, manivela-torno, biela-manivela, cegoñal, leva, excéntrica). Constitución, funcionamento e aplicacións.
- Mecanismos para dirixir e regular o movemento, de axustamento e de acumulación de enerxía. Constitución, funcionamento e aplicacións.
- Lei da panca, momento de forzas e relación de transmisión.
- Vocabulario técnico en inglés.

Procedementos

- Identificación de mecanismos simples en máquinas complexas, explicando o seu funcionamento no conxunto.
- Resolución de problemas sinxelos e cálculo da relación de transmisión.
- Deseño e construción de maquetas con diferentes operadores mecánicos.

Actitudes

- Interese por coñecer o funcionamento de obxectos tecnolóxicos de uso cotián.
- Respecto polas normas de seguridade no uso de ferramentas, máquinas e materiais.
- Actitude positiva e creativa ante problemas de tipo práctico e confianza na propia capacidade de alcanzar resultados útiles.
- Disposición e iniciativa persoal para participar en tarefas de equipo.


























CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar en máquinas complexas os mecanismos simples de transformación e transmisión de movementos que as compoñen, explicando o seu funcionamento no conxunto.
- Resolver problemas sinxelos e calcular a relación de transmisión nos casos en que proceda.
- Deseñar, construír e manexar maquetas con diferentes operadores mecánicos.

2º TRIMESTRE

UNIDADE 4: ELECTRICIDADE

OBXECTIVOS

-    Distinguir entre corrente continua e corrente alterna, e os seus distintos orixes.
-   Introducir o concepto de electromagnetismo e de xeración de electricidade por este medio.
-   Definir as principais magnitudes eléctricas.
-   Familiarizar ó alumno co uso do polímetro.
-   Presentar a ley de Ohm.
-    Transmitir o concepto de potencia eléctrica e distintos métodos para calculala.
-    Mostrar as principais características eléctricas dos circuitos serie, paralelo e mixtos.
-   Familiarizar ó alumno coa montaxe de circuitos sinxelos, así coma co uso de compoñentes eléctricos sinxelos.
-   Aprender vocabulario relacionado coa Tecnoloxía en inglés.
-     Utilizar a lingua inglesa para comunicarse en situacións habituais no taller.

CONTIDOS

Conceptos

- Corrente continua.
- Corrente alterna.
- Central eléctrica.
- Tensión, intensidade e resistencia eléctrica. Voltio, amperio e ohmio.

- Polímetro. Voltímetro,ohmímetro e amperímetro.
- A lei de Ohm.
- Potencia. Vatio.
- Circuito serie, paralelo e mixto.
- Interruptor, pulsador e conmutador.
- Relé.
- Vocabulario técnico en inglés.

Procedementos

- Facer montaxes eléctricos sinxelos.
- Interpretar esquemas eléctricos sinxelos.
- Facer medidas co polímetro.
- Realizar problemas eléctricos en deseños sinxelos.
- Resolver problemas teóricos de electricidade en circuitos eléctricos sinxelos.

Actitudes

- Apreciar o carácter científico, pero relativamente sinxelo, dos montaxes eléctricos.
- Amosar interese pola construción de circuitos eléctricos.
- Concienciarse da gran cantidade de elementos eléctricos que nos rodean na nosa actividade diaria.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.- Diferenciar os conceptos de corrente continua e alterna.
- 2.- Coñecer as tres principais maxnitudes eléctricas e as unidades nas que se miden.
- 3.- Manexar con soltura un polímetro para medir as principais maxnitudes nun circuito eléctrico.
- 4.- Operar sólidamente coa lei de Ohm.
- 5.- Definir o concepto de potencia e calculala nos elementos dun circuito eléctrico sinxelo.
- 6.- Montar circuitos sinxelos e predecir o seu funcionamento, tanto de xeito teórico como práctico.
- 7.- Cumplir as mínimas normas de seguridade na montaxe de circuitos eléctricos.

UNIDADE 5: ENERXÍA

OBXECTIVOS

- 1.-** Coñecer os distintos tipos de transformacións enerxéticas que se producen nos aparatos que usamos a cotío cando estes aparatos se poñen en funcionamento.
- 2.-** Coñecer de qué xeitos obtense hoxe a enerxía, e describir o proceso de transporte e distribución da enerxía eléctrica desde os centros de produción ata os lugares de consumo.
- 3.-** Identificar as características e o xeito de funcionamento dos diferentes tipos de centrais eléctricas que existen.
- 4.-** Repasar cales son as fontes de enerxía máis empregadas na actualidade, amosando as principais vantaxas e desvantaxas de cada una delas.
- 5.-** Diferenciar os aparatos que consumen unha gran cantidade de enerxía eléctrica dos de baixo consumo.
- 6.-** Aprender vocabulario relacionado coa Tecnoloxía en inglés.
- 7.-** Utilizar a lingua inglesa para comunicarse en situacións habituais no taller.

CONTIDOS

Conceptos

- Medida do consumo eléctrico. O kilovatio hora.
- Tipos de enerxía: mecánica, térmica, química, radiante, acústica e eléctrica.
- Transformacións da enerxía.
- Uso da enerxía eléctrica: produción, distribución e consumo.
- Tipos de centrais eléctricas: hidroeléctrica, térmica de combustibles fósiles, térmica nuclear, térmica solar, solar fotovoltaica, eólica.
- Outros tipos de centrais eléctricas: maremotrices, xeotérmicas, e heliotérmicas. Enerxía da biomasa.
- Vocabulario técnico en inglés.






Procedementos

- Interpretación de esquemas sobre o funcionamento das centrais eléctricas.
- Identificación dos diferentes tipos de enerxía e as súas transformacións máis importantes.

Actitudes

- *Valoración da importancia que tivo o desenvolvemento da electricidade para o noso xeito de vida actual nas sociedades industrializadas.*
- Fomento dos hábitos destinados a diminuír o consumo de enerxía eléctrica.
- Interese por coñecer aquelas características dun aparato eléctrico que determinan o seu consumo.
- Interese por coñecer o proceso que se segue nunha central eléctrica para xerar electricidade.
- Sensibilidade cara ó emprego de enerxías alternativas para xerar electricidade.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-  Identificar transformacións de enerxía en aparatos eléctricos que empregamos a cotío.
-  Describir o funcionamento básico das principais centrais eléctricas en funcionamento no noso país.
-  Comparar os procedementos empregados para producir enerxía eléctrica nas diferentes centrais.
-  Clasificar os aparatos eléctricos que empregamos a diario en función do seu elevado ou reducido consumo de enerxía.
-  Describir cómo se leva a cabo o transporte da enerxía eléctrica desde as centrais eléctricas ata os lugares de consumo.

3º TRIMESTRE

UNIDADE 6: DESEÑO GRÁFICO CON ORDENADOR.

OBXECTIVOS

- 1.- Saber diferenciar mapas de puntos de imaxes vectoriais.
- 2.- Aprender a manexar diversas aplicacións informáticas de uso común, como as aplicacións de debuxo vectorial e as de retoque fotográfico.
- 3.- Identificar os diferentes tipos de aplicacións informáticas empregadas para levar a cabo

tarefas diferentes.

- 4.- Coñecer as posibilidades que ofrecen para o debuxo as aplicacións de debuxo vectorial.
- 5.- Identificar os diversos elementos que aparecen na pantalla dun ordenador cando se traballa con aplicacións destinadas ó debuxo e ó deseño gráfico: imaxe, información sobre a mesma, ferramentas,...
- 6.- Saber cales son as formas que existen na actualidade de obter imaxes en formato dixital susceptibles de ser manipuladas nun ordenador.
- 7.- Aprender a catalogar conxuntos de fotografías dixitais.
- 8.- Coñecer as ferramentas informáticas básicas empregadas no deseño industrial.
- 9.- Aprender vocabulario relacionado coa Tecnoloxía en inglés.
- 10.- Utilizar a lingua inglesa para comunicarse en situacións habituais no taller.

CONTIDOS

Conceptos

- Mapas de puntos.
- Debuxos vectoriais.
- Aplicacións para o tratamento de imaxes.
- Calidade das imaxes dixitais.
- Formatos de arquivos gráficos.
- Creación de imaxes con Draw.
- Compresión de imaxes dixitais.
- Retoque básico de imaxes dixitais.
- Introducción ó CAD.
- Manexo básico de Qcad.
- Vocabulario técnico en inglés.
















Procedementos

- Diferenciar as aplicacións de debuxo vectorial das aplicacións de retoque fotográfico.
- Manexar unha aplicación de debuxo vectorial.
- Manexar unha aplicación de retoque fotográfico.
- Diferenciar arquivos gráficos comprimidos en distinta medida en función da súa calidade.
- Empregar QCad para elaborar debuxos sinxelos.
- Organizar álbumes de imaxes dixitais.

Actitudes

























- Valoración da aportación de distinto tipo de software no mundo da informática.
- Interese por coñecer os últimos avances no mundo da informática, como a compresión de arquivos gráficos e a súa aplicación no mundo da fotografía e do vídeo.
- Aprecio das fotografías dixitais e doutras creacións artísticas dos demais, respetando os seus gustos e opinións.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN


-    Diferenciar os mapas de puntos das imaxes vectoriais.
-    Realizar debuxos xeométricos e artísticos empregando algunha aplicación sinxela de deseño gráfico.
-    Manexar unha aplicación de deseño gráfico.
-    Manexar imaxes dixitais empregando algunha aplicación específica.
-    Gardar arquivos gráficos con distintos graos de compresión, sinalando as diferencias.


UNIDADE 7: A FOLLA DE CÁLCULO

OBXECTIVOS

-    Coñecer cales son as capacidades dunha folla de cálculo.
-    Identificar os diferentes menús, iconas, etc., que aparecen na pantalla dun ordenador cando se traballa cunha folla de cálculo.
-    Aprender a manexar unha folla de cálculo con soltura para realizar con ela as funcións básicas.
-    Saber en qué ámbitos se emprega unha folla de cálculo: entidades bancarias, laboratorios científicos, departamentos de contabilidade en calquera empresa,...
-    Aplicar os contidos aprendidos na unidade ós problemas que nos xurden na vida real.
-    Saber como xerar gráficos a partir dos datos dunha tabla empregando unha folla de cálculo.
-    Repasar contidos referentes ó formato do texto que xa estudaron ó falar de procesadores de textos e aplicalos á hora de manexar unha folla de cálculo.
-    Saber empregar unha folla de cálculo para xestionar bases de datos sinxelos

(listín telefónico,...).

 Aprender vocabulario relacionado coa Tecnoloxía en inglés.

 Utilizar a lingua inglesa para comunicarse en situacións habituais no taller.

CONTIDOS

Conceptos

- Software ofimático: as follas de cálculo.
- A folla de cálculo OpenOffice.org Cal.
- Formato das celdas (de texto, de número, de moeda, de data)
- Fórmulas e funcións.
- Gráficos.
- Impresión de documentos con unha folla de cálculo.
- Vocabulario técnico en inglés.









Procedementos

- Resolver problemas empregando follas de cálculo.
- Identificar os elementos que aparecen na pantalla cando empregamos unha folla de cálculo.
- Decidir o tipo de gráfico que mellor se adapta ós datos numéricos que queiramos representar.
